



O Capital Monopolista-Financeiro e o Paradoxo da Acumulación

John Bellamy Foster e Robert W. McChesney

MONTHLY REVIEW

Outubro, 2009

Trad. XDD

LIMIAR

Este mes sinala o octoxésimo cabo de ano da Crise Bolsista de 1929 que precipitou a Grande Depresión dos anos trinta. Ironicamente, isto chega no mesmo momento no que o sistema capitalista celebra o ter escapado por pouco de caeren nun abismo semellante. O *crash* financeiro e o declinar da produción de fai un ano, após do colapso de Lehman Brothers foi tan elevado coma no comezo da Grande Depresión. “*Por un momento*”, escribía Paul Krugman no New York Times de agosto, “*os indicadores económicos claves, o comercio mundial, a produción industrial mundial, e mesmo os prezos das accións, caían tan rápido ou máis rápido do que o fixeran en 1929-30. Mais na década dos trinta as liñas de tendencia mantivéronse descendentes. Por esta vez, o afundimento parece estaren rematando xusto despois dun ano terríbel*”. O goberno federal, a través de operacións de salvamento e doutros diferentes estímulos, así como dos efectos amortecedores dos subsidios por desemprego prolongados e dos beneficios da Seguraza Social, Medicare, etc., desacelerou o descenso e axudou á nivelación da economía, certamente nun punto moi por embaixo do seu nivel previo.

Emporiso, se a Grande Recesión nivelouse denantes de se afundir nas profundidades dunha segunda Grande Depresión, deixou as economías dos EEUU e a mundial nun desorde total. A taxa oficial de desemprego nos EEUU supera o 9 por cento mentres co desemprego real, o que ten en conta a todos aqueles

que desexan traballar máis os traballadores a tempo parcial que desexan un traballo a tempo completo, é case dúas veces superior. A taxa de utilización da capacidade industrial nos EEUU está no seu nivel mínimo desde a década dos trinta. O investimento en novas instalacións e equipo crebouse. O sistema financeiro é unha sombra do que era fai tan só un ano. Suponse maioritariamente que a fase de recuperación do ciclo económico sexa lenta.

Por suposto, o que os economistas temen máis neste momento é un estancamento económico prolongado ou un longo período de lento crecemento. “*Aínda ca economía poida estabilizarse*”, escribiu Thomas Palley para a New America Foundation, “*probabelmente será incapaz de se librar da forza do estancamento. Isto débese a que o estancamento é a vindeira fase lóxica do paradigma [económico] actual*”². A xulgar polas accións en si das autoridades económicas, parecera que non existan vías, fóra do malestar económico presente, que resulten aceptábeis para os intereses creados agás o recomezar o proceso de *financiarización*; isto é, a mudanza do centro de gravidade da economía desde a produción ás finanzas, implicando posteriores burbullas financeiras. Con todo e iso, na vez de superaren o problema do estancamento, esta *financiarización* anovada unicamente servirá, no mellor dos casos, para postergaren o problema, mentres se multiplican as contradicións futuras, configurando o escenario para conmocións aínda maiores.

1 Paul Krugman, “Evitando o máis peor”, New York Times, 10 agosto 2009.

2 Thomas I. Palley, “O Paradigma esgotado de América” (Washington, D.C.: New America Foundation, 2009), 32.

Este paradoxo da acumulación baixo o capital monopolista financeiro actual foi recollido recentemente na columna de Larry Elliot, editor de economía do *Guardian* londinense. Contrastou o enfoque keynesiano da crise, que pon a énfase no estímulo fiscal e a regulación financeira, co enfoque máis conservador preferido polo ministro británico de Economía e Facenda, Alistar Darling, quen considera crucial a recuperación e rexurdimento dunha economía impulsada polas finanzas. Segundo o punto de vista de Elliot, o apoio á restauración sen restricións das finanzas por parte das principais autoridades económicas, coma por exemplo Darling, pode reflectir a valoración (compartida, ironicamente, cos economistas marxistas) de que a *financiarización* é actualmente o recurso primario do capital para contrarrestar unha economía basicamente estancada. Como sinala o propio Elliot:

“O enfoque máis prudente de Darling [en contraste coas propostas reguladoras keynesianas] está, quizais sorprendentemente, máis a ton coas análises marxistas sobre a crise. Estas argumentan que non é a financiarización das economías occidentais o que explica o lento crecemento das décadas recentes; pola contra, é o crecemento lento e a carencia de oportunidades de investimento para o capital o que explica a financiarización. Desde esta perspectiva a única maneira de que os capitalistas puidesen incrementar a súa riqueza era a través da expansión dun sector financeiro que, divorciado da economía real, faise a máis propenso ás burbullas de activos. Invocar tempo na economía de casino non implica un crecemento equilibrado, unicamente significa un menor crecemento.

Quen estean interesados na perspectiva marxista poderían botar man da “Grande Crise Financeira”, escrita por John Bellamy Foster e Fred Magdoff, publicada por Monthly Review Press de Nova Iorque. É unha lectura fascinante. Se Darling tena lida non o sei. Porén, sospeito ca prudencia do Ministerio cando chega a dominar nas grandes finanzas ten pouco que ver con Marx e bastante máis coa conquista institucional”³.

Existen dous puntos claves nisto: 1) a determinación das autoridades económicas cara reinstalaren o vello réxime dos mercados financeiros esencialmente desregulados pode deberse a que o problema esencial ten a ver cunha economía real estancada, deixando a economía casino como a única maneira práctica de estimularen o crecemento; 2) este intento de volver a arrancar a *financiarización* tamén pode reflectir a “conquista institucional”, isto é, o poder crecente dos intereses financeiros dentro do

estado capitalista. Ambos non son contraditorios xa que (1) conduce invariabelmente a (2), como no caso do gasto militar.

A irracionalidade extrema de semellante solución é captada polo editor de economía do *Guardian*, quen presenta o escenario seguinte, sombrío máis realista: *“Despois dun breve período no que os banqueiros son castigados polos seus disparates atroces, pola súa insensatez supina, dáse un retornar ao negocio coma sempre, da mesma maneira. Este é o máis inquietante de todos os [diversos] escenarios [xurdidos a raíz da crise], posto que significará que poucos, se algún, dos problemas subxacentes, de fondo, que causaron a crise teñen sido resoltos. Consecuentemente, agora podemos comezaren a conta atrás dos días nos que unha crise financeira aínda maior os abate ou trague de novo”⁴.*

Todo iso subliña a trampa estancamento-*financiarización* produto da acumulación contemporánea, a partir da cal hoxe faise progresivamente máis claro que non existe un escape sinxelo ou total dentro do sistema. Unha condición económica irracional tal e o seu significado a longo prazo non pode ser explicada por medio dos modelos da economía convencional, senón unicamente en termos da súa evolución histórica.

AS ETAPAS DA ACUMULACIÓN

Durante moito tempo dérase un acordo bastante xeneralizado entre os expertos marxistas en economía política e os historiadores económicos de que a historia do capitalismo ao longo do século XX pode se dividir en tres etapas⁵. A primeira destas etapas é a do *mercantilismo*, que comezou no século XVI e que durou até entrado o século XVIII. En termos do proceso de traballo e do desenvolvemento das forzas produtivas Marx definiuno como o período da “manufactura” (querendo expresaren a etapa da produción artesanal anterior ao xurdimento do que chamou “maquinismo”). As fábricas nacentes caracterizábanse por unha división do traballo progresivamente máis detallada, descrita por Adam Smith na súa *Riqueza das Nacións*. A acumulación tivo lugar primordialmente no comercio, na agricultura e na minaría. Nesta etapa, o que Marx denominou como Departamento I (de produción dos medios de produción) tiña unha pequena dimensión tanto en termos absolutos coma relativos, mentres co Departamento II (de produción dos produtos básicos de consumo) estaba limitado polo seu carácter artesanal.

A segunda etapa é unha consecuencia da revolución

Existen dous puntos claves nisto:

- 1) A determinación das autoridades económicas de reinstalaren o vello réxime dos mercados financeiros desregulados
- 2) Isto reflecte o poder crecente dos intereses financeiros dentro do estado capitalista

³ Larry Elliott, *A Economía de Libro de Cómics e os Mercados*, The Guardian, 6 xullo 2009. Ver tamén John Bellamy Foster e Fred Magdoff, *A Grande Crise Financeira* (New York: Monthly Review Press, 2009).

⁴ Elliott, *A Economía de Libro de Cómics*.

⁵ As seguintes poucas páxinas son moi debedoras de *Catro Lecturas sobre o Marxismo* de Paul M. Sweezy (New York, Monthly Review Press, 1981), 36-38.

industrial en Gran Bretaña, concentrada ao principio no comercio téxtil para propagarse posteriormente á industria en xeral. Visto do punto de vista do presente, esta etapa é imaxinada a miúdo como a do *capitalismo competitivo* e como a idade orixinal do liberalismo. Aquí o foco da acumulación mudou brusca e marcadamente, cara a industria moderna e particularmente cara o desenvolvemento do Departamento I. Este inclúe non só as propias fábricas senón, asemade, toda a xigantesca infraestrutura de transporte e comunicacións (camiños de ferro, telégrafos, portos, canais, buques de vapor). Trátase dun período de competencia intensa entre os capitais e dun ciclo con grandes altibaixos no que a competencia en prezos xoga un papel central no goberno da actividade económica.

A terceira etapa, que se coñece xeralmente como a do *capitalismo monopolista* ou como capitalismo corporativo comezou no último cuarto do século XIX e consolidouse no século XX. Distínguese por unha concentración e centralización do capital en espiral e pola elevación do dominio da forma corporativa de organización dos negocios, xunto coa creación dun mercado de valores industriais. As diferentes industrias caen progresivamente baixo o poder dunhas poucas firmas (oligopolistas) que, nos termos de Joseph Schumpeter, operan “dunha maneira corresponsábel” no canto dunha maneira competitiva con respecto ao prezo, á produción e ás decisións de investimento, tanto no plano estatal coma progresivamente no plano global⁶. Nesta etapa, o Departamento I continúa a súa expansión non só no ámbito das fábricas senón nas moito máis amplas infraestruturas de transporte e comunicacións (como automóbiles, aeronaves, telecomunicacións, computadoras, etc.). Mais a súa expansión continua faise a máis dependente da expansión do Departamento II, que nesta etapa vólvese progresivamente avanzado ou desenvolvido, nun intento de utilizar a enorme capacidade produtiva desencadeada polo crecemento do Departamento I. Así, pódese describir a estrutura económica como “madura”, no sentido de que ambos departamentos da produción son agora totalmente desenvolvidos e capaces dunha rápida expansión en resposta á demanda. Porén, o sistema en conxunto, opera cada vez máis nunhas condicións limitadas con problemas crecentes de demanda efectiva. A innovación tecnolóxica ten sido sistematizada e levada a cabo rutineiramente da mesma maneira ca xestión científica do proceso de traballo, e aínda o consumo por medio do *marketing* moderno. O papel da competencia en prezos na regulación do sistema é moito máis reducido.

A expansión xeográfica do sistema é un aspecto crucial a maiores que acontece nas tres etapas de

⁶ Joseph A. Schumpeter, *Capitalismo, Socialismo e Democracia* (New York, Harper and Row, 1942), 90.

desenvolvemento capitalista, e que, no curso dos seus tres primeiros séculos, converteuse, a partires dunha cativa esquina da Europa occidental, nun sistema mundial. Porén, soamente foi no século XIX que esta tendencia á globalización foi alén daquela prioritariamente confinada nas illas e rexións costeiras e penetraba no interior dos continentes. E foi soamente no século XX que asistimos ao xurdimento do capital monopolista nun alto nivel de globalización, reflectindo o dominio crecente das corporacións multinacionais (ou transnacionais).

Desde a era do colonialismo, que se alongou até unha boa parte do século XX, á presente fase de dominio das corporacións multinacionais, este proceso de globalización operou dunha maneira imperialista, no sentido de dividiren o mundo nunha xerarquía complexa de países, descritos de xeitos diversos: desenvolvidos e subdesenvolvidos, centro e periferia, ricos e pobres, Norte e Sur (con divisións adicionais tanto dentro do centro como da periferia). Como en calquera xerarquía complexa dáse unha certa mudanza ao longo do tempo entre os que ocupan os lugares superior e inferior (e intermedios). Emporiso, a nivel mundial, o grao global de desigualdade social e económica entre os países elevouse dramaticamente ao longo dos séculos. Non existe realmente un “nivelar” da economía mundial tal como presúmese por algúns dos ideólogos da globalización, por exemplo, Thomas Friedman⁷. Se ben a industrialización estendeuse pola periferia, xeralmente fíxoo de acordo coas liñas determinadas polas corporacións globais, cuxas sedes están localizadas nos países avanzados capitalistas, e por tanto, tendeu a se dirixir a cumprimentar ás demandas do centro (así como tamén aos desexos das pequenas oligarquías internas nos países periféricos). Desta maneira, ambos os dous departamentos da produción na periferia, están fortemente suxeitos ás influencias imperialistas.

Con este breve esbozo do desenvolvemento histórico do capitalismo diante de nós, é posíbel dar voltas sobre algunha das mudanzas na natureza da acumulación e a crise, centrándonos en particular nas transformacións que acontecen no centro do sistema. O capitalismo, ao longo da súa historia, está caracterizado por un empuxe incesante cara acumular, levando ao que Mark Blaug denominou como “paradoxo da acumulación”, identificado coa crítica de Marx da economía capitalista. Posto que os beneficios medran principalmente polo incremento da taxa de explotación da forza de traballo, isto é, elévanse apoucando o crecemento dos salarios en relación co da produtividade, o que finalmente pon límites á expansión do propio capital. Este

⁷ Thomas L. Friedman, *O Mundo é Plano* (New York: Farrar Straus, and Giroux, 2005. Para unha visión oposta ver John Bellamy Foster *O Sistema Mundial Imperialista*, *Monthly Review* 59, nº 1 (maio 2007), 1-16.

A expansión xeográfica do sistema acontece nas tres etapas de desenvolvemento capitalista, mais foi no século XX que asistimos ao xurdimento do capital monopolista nun alto nivel de globalización, reflectindo o dominio crecente das corporacións multinacionais (ou transnacionais)

paradoxo da acumulación reflíctese no que Paul Sweezy chamou “*tendencia á sobreacumulación*” do capital⁸. Os receptores finais do excedente económico (valor excedente) xerado na produción tratan continuamente de ampliaren os seus beneficios e riqueza, a través de novos investimentos e o aumento acrecentado do seu capital (a capacidade produtiva da sociedade). Mais isto tropeza inevitabelmente coa privación relativa da poboación subxacente, o que resulta contrario ao medre do excedente. Por tanto, o sistema está enfrontado a unha demanda efectiva insuficiente, de maneira que as barreiras ao consumo eventualmente poden levar a barreiras ao investimento. A capacidade excedente crecente vén a apagar a nova formación de capital, posto que as corporacións non teñen desexos de investiren en nova planta e equipamento cando porcións substanciais da súa capacidade actual están inactivas. Esta tendencia á sobreacumulación convértese progresivamente en dominante no capitalismo maduro, monopolista, diminuíndo a tendencia da taxa de crecemento arredor da que teñen lugar as flutuacións do ciclo económico, suscitando así a pantasma dun estancamento económico duradeiro.

O capitalismo competitivo do século XIX era dinámico no seu centro xa que a tendencia á sobreacumulación foi mantida á raia grazas a existencia duns factores históricos favorábeis. Neste período, o capital estaba aínda sendo acumulado virtualmente desde a nada. O Departamento I, en particular, emerxeu para se converter na parte principal da economía (por suposto, o Departamento II tamén medrou pero menos intensamente). No capitalismo en maduración deses anos a demanda de novo capital era esencialmente ilimitada. O *boom* de investimento que acontece tipicamente na fase de auxe do ciclo económico non xerou unha sobreacumulación e sobreprodución perdurábel. Nestas condicións case pareceu posíbel, como declarou o economista J.B. Clark, “*construíren máis fábricas de tecidos que levarían sempre a máis fábricas de tecidos*”⁹. Ao mesmo tempo, a natureza libremente competitiva do sistema significaba cos niveis dos prezos, da produción e dos investimentos estaban determinados en grande medida por forzas de mercado independentes das firmas individuais. Por tanto, moitas das rixideces introducidas máis adiante polas corporacións xigantes estaban ausentes na etapa de libre competencia do século XIX.

Aínda que favorábel para a acumulación do sistema coma un todo, a repetición dos ciclos de auxe e de crise do capitalismo competitivo levaba á creba das

empresas, tanto pequenas coma grandes, de todos os sectores da economía. As bancarrotas golpearon tamén ás firmas no centro do poder financeiro global (Overend, Gurney en 1866; Jay Cooke en 1873; Baring’s en 1890). Pola contra, baixo as condicións da economía madura do capitalismo monopolista, as firmas financeiras estadounidenses dominantes en 1909 estaban todas elas no centro da cuestión un século máis tarde: J.P. Morgan, Goldman Sachs, National City Bank, ou nun caso notábel, 99 anos máis tarde, Lehman Brothers. Mais contrarrestando esta estabilidade máis sólida no centro do poder e da riqueza estaba a desaparición de moitas das circunstancias favorábeis para a acumulación do sistema en conxunto.

Unha vez erguida a industria e sendo capaz a capacidade produtiva existente de expandiren rapidamente a produción ao primeiro sinal de necesidade (coa totalidade do investimento realizado capaz de se financiar a través dos fondos de amortización reservados cara substituíren a planta e equipos depreciados), a demanda de investimento novo ou neto para a expansión rápida do Departamento I foi posta en tela de xuízo. Por tanto, na etapa monopolista, a saturación de capital, o problema da capacidade excesiva, da produción excesiva, converteuse nunha ameaza sempre presente. O sistema tende en todo momento a xerar máis excedente do que pode absorberse a través do investimento (e do consumo dos capitalistas). Baixo estas circunstancias, tal como apuntou Sweezy:

“A taxa de crecemento sostíbel do Departamento I vén depender esencialmente de si se axusta ao crecemento do Departamento II Se os capitalistas persisten no incremento do seu capital (a potencia produtiva da sociedade) máis rapidamente que o que se demanda polo poder de consumo da sociedade ... o resultado será o xurdimento dun exceso de capacidade produtiva, de oferta. A medida que este exceso medra, as taxas de beneficio diminúen e o proceso de acumulación enlentece até se establecer de novo unha proporcionalidade sostíbel entre os dous Departamentos da economía. Isto acontecerá coa economía funcionando substancialmente por embaixo do seu pleno potencial. En ausencia de novos estímulo (a guerra, a apertura de novos territorios, innovacións significativas tecnolóxicas ou de produto), esta condición cara o estancamento persistirá: nada existe na lóxica do proceso de reprodución [do capital] que saque á forza á economía do punto morto e a poña a iniciar un novo período de expansión¹⁰”.

Por suposto, esta tendencia cara a madurez e o estancamento non significa que cesen as subas e baixas normais do ciclo económico, nin apunta cara un colapso económico. Mais ben, suxire sim-

Esta tendencia á sobreacumulación convértese progresivamente en dominante no capitalismo maduro, monopolista, diminuíndo a tendencia da taxa de crecemento arredor da que teñen lugar as flutuacións do ciclo, suscitando así a pantasma dun estancamento duradeiro

8 Mark Blaug, *Teoría Económica en Retrospectiva* (Cambridge: Cambridge University Press, 1996), 245; Sweezy, *Catro Lecturas*, 34-36. Ver asemade Karl Marx, *O Capital*, vol. 3 (New York: Vintage, 1981), 352-53.

9 J.B. Clark, *Introdución da Sobreprodución e Crise* de Karl Rodbertus (New York: Scribner, 1898), 15. O propio Clark suxire na mesma pasaxe que, mentres isto non representa unha contradición absoluta, tratábase, emporiso, ‘*dun caso irreal*’.

10 Sweezy, *Catro Lecturas*, 39.

plemente que a economía tende cara un equilibrio de subemprego, con desemprego, con recuperacións malogrando ou sendo incapaces de alcanzar por regra xeral o pleno emprego. O caso clásico é a mesma Grande Depresión, durante a que tivo lugar un ciclo económico completo no medio dun estancamento perdurábel, a longo prazo, flutuando o desemprego en todo ese período entre 14 e 25%. A crise do mercado bolsista de 1929 foi seguido por unha recesión até 1933, unha recuperación desde 1933 até 1937, e unha posterior recesión en 1937-38 (sen se dar unha plena recuperación mais que ao comezo de 1939 como consecuencia dos estímulos masivos proporcionados pola Segunda Guerra Mundial).

Se, coma puxeron de manifesto Paul Baran e Paul Sweezy en *“O Capital Monopolista”, “o estado normal da economía capitalista monopolista é o estancamento”,* débese, porén, non simplemente ás condicións da industrialización madura bosquexadas antes, mais tamén á mudanza do patrón de acumulación asociada co movemento cara o dominio das firmas xigantes¹¹. Na teoría económica ortodoxa (tanto clásica coma neoclásica), o eixo da denominada “autoregulación” da economía descansa na competencia en prezos, pola que xurde a proverbial “man invisíbel” do sistema. É isto o que traduce as ganancias na produtividade en beneficios para a sociedade coma un todo, a través do abaratamento dos produtos. Porén, baixo o capital monopolista (ou oligopolista) a competencia en prezo está excluída eficazmente, cun nivel xeral dos prezos para o conxunto da industria seguindo un único camiño, cara arriba (agás nos casos das crises deflacionistas máis severas). Así, aínda ca deflación ten sido normal no capitalismo competitivo do século XIX (nos EEUU a tendencia dos prezos, en xeral, foi descendente na maior parte do século coa notábel excepción do período da Guerra Civil), a inflación converteuse en norma no capitalismo monopolista do século XX (a tendencia dos prezos, en xeral, foi ascendente durante a maior parte do século coa notábel excepción do período da Grande Depresión¹²).

Nos anos máis temperás do capitalismo monopolista aprendeuse axiña, a través de fracasos empresariais espectaculares, que as firmas xigantes enfrontábanse á ameaza dunha mutua autodestrución de se empeñaren nunha feroz competencia en prezos, mentres cun acordo para os manter ou mesmo subir, feito basicamente de maneira conxunta, eliminaba esta ameaza para todos. A mudanza resultante na natureza da competencia reflectiu o que Schumpeter, como sinalamos antes, denominara como a natureza “corresponsábel” das grandes corporacións. Unicamente unhas poucas delas dominan

¹¹ Paul A. Baran e Paul M. Sweezy, *O Capital Monopolista* (New York: Monthly Review Press, 1966), 108.

¹² Harry Magdoff e Paul M. Sweezy, *O Final da Propriedade* (New York: Monthly Review Press, 1977), 15-20.

a maioría dos mercados maduros, e fixan o prezo dos seus produtos a través dun proceso de colusión ou confabulación indirecta ou informal (sendo a forma máis común aquela de liderado do prezo fixado pola empresa de maior tamaño). A racionalidade desta colusión pode explicarse doadamente en termos do enfoque da teoría dos xogos a miúdo promovida pola economía convencional. A negativa á colusión, é dicir, a continuación na competencia en prezo, ameaza á destrución de todas as partes; a colusión, pola contra, tende a beneficiarlas a todas. Nun caso tan evidente de intereses coincidentes, a miúdo a colusión pode ser indirecta ou informal¹³. Mais de certo, a competencia en prezo non está totalmente excluída no capitalismo avanzado, e pode acontecer nos casos onde as empresas teñen razóns para coidaren que poden mellorar a súa posición ou coller a dianteira utilizando semellantes medios, coma por exemplo no caso de novas industrias non dominadas aínda por unhas poucas firmas; isto é, denantes de se dar o proceso de proba que conduce ás condicións oligopolistas. Isto pode comprobarse de maneira nidia nas décadas recentes nos casos de sectores como as computadoras e a tecnoloxía dixital. Asemade os prezos poden caer e introducirse un mínimo de competencia en prezo, inda que orientada a sacar ás empresas máis pequenas fóra do negocio, por mor do cada vez maior “subministro global” de mercadorías básicas producidas nos países de baixos salarios. Isto é evidente, na venda polo miúdo, no caso de Wal-Mart, que depende fortemente dos bens importados de China. Porén, coma regra xeral, unha competencia en prezos xenuína cae baixo a consideración dun tallante tabú na etapa do capitalismo monopolista.

As implicacións da exclusión efectiva da competencia en prezos no centro da economía contemporánea son enormes. A competencia pola mellora da produtividade ou por unha mellor posición en termos de custos mantense intensa, mais o papel drasticamente reducido da competencia en prezos significa cos beneficios do progreso económico tenden a se concentrar no excedente crecente das grandes corporacións no canto de se difundir amplamente no conxunto da sociedade a través dunha caída dos prezos. Isto agrava os problemas da sobreacumulación. As corporacións monopolistas, enfrontadas á tendencia dunha saturación do mercado e, por tanto, á ameaza dunha sobreproducción, intentan defender os seus prezos e marxes de beneficio mediante unha redución adicional da súa capacidade produtiva. Porén, isto impide que a economía poida eliminar o seu exceso de capital, reforzando as tendencias cara o estancamento. Asemade as plantas e equipamentos mantéñense na reserva para o caso de que sexa posíbel unha expansión rápida. Así a

¹³ O clásico tratamento dos prezos nunha situación oligopolista por medio da “curva de demanda quebrada” pode verse en “A Demanda baixo condicións de Oligopolio” de Paul M. Sweezy, *Journal of Political Economy* 47 (1939), 568-73.

Nos anos máis temperás do capitalismo monopolista aprendeuse axiña, a través de fracasos empresariais espectaculares, que as firmas xigantes enfrontábanse á ameaza dunha mutua autodestrución de se empeñaren nunha feroz competencia en prezos, mentres cun acordo para os manter ou subir, feito de maneira conxunta, eliminaba esta ameaza para todos

economía capitalista dos monopolios tende a caracterizarse por uns niveis moi elevados de exceso de capacidade, tanto planificados coma imprevistos¹⁴. As corporacións máis importantes teñen unha liberdade considerábel para gobernar os seus niveis de produción e investimento, así coma tamén o nivel dos seus prezos, que non veñen determinados externamente polo mercado, senón mais ben no ollo posto nos seus rivais oligopolistas máis próximos.

Deste xeito a competencia non desaparece totalmente baixo o capitalismo monopolista, mais muda na súa forma. Por mais que as corporacións xigantes actuais eviten a competencia de prezos xenuína (que, cando está referida a todos os grupos empresariais recibe agora o apelativo negativo de guerra de prezos), non embargantes, emprenden unha competencia intensa pola consecución de maiores cotas de mercado a través dos esforzos de vendas: publicidade, política de marcas, e toda unha ampla panoplia de técnicas de *marketing*. Tal como escribiu Martin Mayer en *Madison Avenue* nos anos cincuenta: “a publicidade ten tido tanto suceso financeiramente porque constitúe un arma competitiva efectiva e de baixo risco. É a maneira moderna de lograr os resultados que se obtiñan anteriormente, polo menos en teoría, por medio do recorte dos prezos¹⁵”. Malia constituíren un factor menor no capitalismo competitivo do século XIX, a publicidade converteuse nun factor central no capitalismo monopolista. Tamén isto reflicte problemas de saturación de mercado e a necesidade das corporacións de expandiren os seus mercados de consumo final, se han continuar medrando¹⁶.

Resulta decisivo entender que a tendencia endémica ao estancamento da economía madura, monopolista, non deriva de ningún estancamento tecnolóxico, é dicir, de ningún fracaso nos ámbitos da innovación tecnolóxica e da expansión da produtividade. A produtividade continúa avanzando e as innovacións tecnolóxicas a ser introducidas (se ben que dun xeito máis racionalizado) a medida que as empresas seguen competindo para alcanzar unha posición de mellora dos seus custos. En si, isto mesmo convértese nun importante problema das sociedades ricas en capital no centro do sistema posto que a restrición principal no proceso de acumulación non é que a economía non sexa suficientemente produtiva senón, mais ben, porque é *demasiado produtiva*. Certamente, en numerosos casos importantes, coma por exemplo na moderna industria do automóbil, as corporacións se resarcen confabulándose para promover plataformas de produción e acordos

de vendas que maximizan a ineficiencia e o despilfarro, ao xerar grandes beneficios. Coma dixo unha vez Henry Ford II “os *mini-autos [malia a súa maior eficiencia enerxética] producen mini-beneficios¹⁷*”.

Por suposto, o xurdimento dunha innovación que realmente teña unha importancia histórica, que faga época, con efectos xeográficos e así mesmo económicos de escala, o equivalente á máquina de vapor e ao ferrocarril no século XIX e ao automóbil no século XX, podería alterar as condicións xerais da economía constituíndo o catalizador dun novo e longo *boom*, no que a acumulación do capital se autoalimentase por un período de tempo considerábel. Mais as innovacións desta caste son poucas e afastadas unhas das outras. Mesmo a revolución das computadoras e dixital dos anos oitenta e noventa do século pasado foi incapaz de se achegar ás anteriores innovacións de importancia histórica cara estimular o investimento en novo capital¹⁸.

O CAPITAL MONOPOLISTA-FINAN-CEIRO E A CRISE

O resultado da análise precedente é que a acumulación baixo o capitalismo foi sempre dependente da existencia de estímulos externos, que non son atribuíbeis simplemente á lóxica interna da acumulación. Na súa *Teoría da dinámica económica* Michael Kalecky declarou co resultado da súa análise era “que o desenvolvemento a longo prazo non é inherente á economía capitalista. Cara soste un movemento de ascenso a longo prazo requírense “factores de desenvolvemento” específicos¹⁹”. Ademais, este problema dos factores históricos que apoian ao crecemento faise moito máis severo baixo o réxime do capital monopolista, que experimenta un forte empuxe cara o estancamento. Toda a cuestión da acumulación e o crecemento resulta así trastornada. Na vez de trataren a aparición do crecemento lento ou do estancamento coma unha anomalía que precisa da súa explicación por referencia a factores externos ao funcionamento normal do sistema (coma na economía ortodoxa) o reto é explicar a anomalía dun ascenso rápido ou pleno do emprego, concentrándose neses factores históricos específicos que veñen a apoiar e apuntalar o sistema.

Isto pode ilustrarse botando unha mirada sucinta na historia da acumulación e a crise desde os anos trinta do século pasado até o presente. O economistas descubriron a Grande Depresión coma un problema demasiado tarde, no extremo final dos anos

Resulta decisivo entender que a tendencia endémica ao estancamento da economía madura, non deriva de ningún estancamento tecnolóxico, é dicir, de ningún fracaso nos ámbitos da innovación tecnolóxica e da expansión da produtividade

14 Josef Steindl, *Madurez e Estancamento no Capitalismo Americano* (New York: Monthly Review Press, 1976), 9-14.

15 Martin Mayer, *Madison Avenue* (New York: Harper and Brothers, 1959), xiii.

16 Sobre o papel da publicidade ver *O Esforzo de Vendas e o Capital Monopolista* de Robert W. Chesney, John Bellamy Foster, Hannan Holleman e Inger L. Stole, *Monthly Review*, 60, nº 11 (abril de 2009), 1-23.

17 Cita en *Facendo a Paz co Planeta* de Barry Commoner (New York: Free Press, 1992), 80-81.

18 Ver *A Nova Economía: Mito e Realidade* de John Bellamy Foster, Harry Magdoff e Robert W. Chesney, *Monthly Review* 52, nº 11 (abril de 2001), 1-15.

19 Michal Kalecky, *Teoría da Dinámica Económica* (Londres: George Allen and Unwin, Ltd., 1954), 161.

trinta. Os primeiros anos da Depresión, marcados pola creba do mercado bolsista de 1929 e a recesión que durou até o ano 1933, víronse como a representación dunha baixa aguda mais non coma un cambio extraordinario no funcionamento do capitalismo. Schumpeter tipificou a resposta principal declarando que a recuperación chegaría simplemente “por si mesma”²⁰. Mais ben era a lenta recuperación comezada en 1933 o que eventualmente estaba alterando as percepcións, particularmente despois da recesión que comezaba en 1937 e que deu coma resultado un desemprego brincando desde o 14 ao 19 por cento.

Na súa obra magna *A teoría xeral da ocupación, o interese e o diñeiro* (1936) John Maynard Keynes sinalou a posibilidade da economía capitalista entraren nun equilibrio con subemprego a longo prazo. Tal como escribiu: “É unha característica salientábel do sistema económico no que vivimos que ... parece capaz de permanecer nunha condición crónica de actividade por embaixo do normal por un considerable período de tempo sen existiren ningunha tendencia marcada nin cara a recuperación nin cara a un colapso completo”²¹. Esta análise, mais o deterioro en 1937-38, levou a que algúns economistas, coma por exemplo Alvin Hansen, un dos primeiros seguidores de Keynes nos EEUU, a formular a pregunta: *plena recuperación ou estancamento?*, precisamente o título do seu libro de 1938²².

O que se deu a continuación nos EEUU foi un debate intenso mais de curta duración sobre as causas do estancamento económico. Hansen propuxo a cuestión da madurez, utilizándoa para explicar a tendencia a longo prazo das economías capital-intensivas, abandonadas por si mesmas, funcionando libremente, a moverse “de xeito lateral ou mesmo caendo gradualmente”. Pola contra, Schumpeter, o principal oponente de Hansen no debate, atribuíu o estancamento non tanto ao funcionamento da economía senón mais ben ao declinar dos fundamentos sociolóxicos do capitalismo empresarial co xurdimento das corporacións e o estado contemporáneos. Rematou o seu *Ciclos Económicos* coas palabras: “Non cabe agardar co movemento sociolóxico mude”²³. Porén, todo o debate veu a dar nun abrupto e prematuro final (foi resucitado brevemente despois da guerra mais sen o mesmo fervor) por causa dos importantes estímulos para a economía como resultado do comezo da Segunda Guerra Mundial en Europa.

20 Joseph A. Schumpeter, “Depresións” en *A Economía do Programa de Recuperación* de Douglas V. Brown, et al. (New York: McGraw Hill, 1934), 3-21.

21 John Maynard Keynes, *A Teoría Xeral da Ocupación, o Interese e o Diñeiro* (Londres: Macmillan, 1973), 249.

22 Alvin H. Hansen, *Plena Recuperación ou Estancamento?* (New York: WW. Norton, 1938).

23 Alvin H. Hansen, *A Tese do Estancamento*, en *American Economic Association, Lecturas de Política Fiscal* (Homewood, Illinois: Richard D. Irwin, 1955), 549; Joseph A. Schumpeter, *Ciclos Económicos*, vol. 2 (New York: McGraw Hill, 1939), 1032-1050.

Como no caso da propia Segunda Guerra Mundial, as condicións económicas transformadas no período de posguerra foron extremadamente favorábeis para o proceso de acumulación. Os EEUU emerxeu a partires da guerra co que Robert Heilbroner describiu como “*a reserva máis grande de poder adquisitivo líquido [liquidez de consumo non procedente de endebedamento] endexamais acumulada*” na súa historia, por non dicir na historia do capitalismo en xeral. Isto axudou a proporcionar as bases, xunto cun elevado gasto público en estradas principais, de alta capacidade, para a segunda grande onda de *automobilización* nos EEUU (o que abrangue non só os efectos directos sobre a industria senón, asemade, a totalidade do fenómeno da suburbanización). Mentres, o gasto militar continuou a un nivel moito máis elevado que o existente antes da Segunda Guerra Mundial, situándose o gasto anual na guerra de Corea case na metade do máximo do gasto alcanzado na II GM en ambos teatros combinados²⁴. Estes tamén foron os anos de reconstrución das economías de Europa occidental e do Xapón, devastadas pola guerra. Finalmente, o ascenso dos EEUU a unha hexemonía indiscutíbel na economía mundial estivo acompañada pola creación das institucións de Bretton Woods (o GATT, o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional) e a expansión do comercio mundial e as finanzas.

Porén, a chamada “idade dourada” dos anos cincuenta e sesenta do século pasado quedouse gradualmente sen forza a medida que as forzas históricas que a propulsaban minguaron a súa influencia, mudando eventualmente ao que a Joan Robison alcumou coma unha “idade plúmbea”²⁵. A liquidez que alimentou a esmorga consumista no período de posguerra desecouse. A segunda onda de *automobilización* do país rematouse e a industria automotriz afundiuse nun longo período de simples reprodución. O gasto militar continuaba estimulando a economía por mor dunha segunda guerra rexional en Asia, mais co rematar da guerra de Vietnam tal estímulo decaeu. Axiña reconstruíronse as economías europea e xaponesa e a nova capacidade produtiva que xeraban máis a capacidade industrial emergendo na periferia, contribuíron ao crecemento do exceso de capacidade internacional, xa evidente nos comezos da década dos oitenta²⁶. O debilitar da hexemonía dos EEUU creou rivalidades económicas en ascenso a nivel global.

No período 1974-75 a economía dos EEUU e a economía mundial coma un todo entraron nunha crise estrutural feita e dereita, rematando o longo

24 Robert Heilbroner, *O Futuro como Historia* (New York: Harper and Brothers, 1960), 134.

25 Joan Robison, *Ensaio sobre as Flutuacións na Teoría Económica* (Londres: Macmillan, 1962), 54.

26 Susan Strange e Roger Toozee, eds., *Política Interbancional da Capacidade Excedente* (Londres: George Allen and Unwin, 1981).

Porén, a chamada «idade dourada» dos anos cincuenta e sesenta do século pasado quedouse gradualmente sen forza a medida que as forzas históricas que propulsaban minguaron a súa influencia, mudando eventualmente ao que a Joan Robison alcumou coma unha «idade plúmbea»

período de *boom* e marcando o comezo de décadas de estancamento a mais intenso. O empeoramento das condicións da acumulación puidéronse ver na mudanza a unha situación descendente da taxa real de crecemento da economía dos EEUU, que era máis baixa nos setenta ca nos sesenta; inferior nos oitenta e noventa ca nos setenta; e inferior no período 2000-2007 que nos oitenta e os noventa. Desde 2007, a economía declinou inda máis, caendo na crise máis profunda desde a Grande Depresión, facendo do período 2000-2009, de lonxe, a peor década en comportamento económico desde a década dos trinta do século pasado²⁷.

Nunha serie de obras, algúns analistas, nomeadamente Harry Magdoff e Paul Sweezy, describiron desde o propio comezar da crise de mediados dos setenta a reaparición das tendencias cara a sobreacumulación e o estancamento²⁸. Mais foi neste momento do tempo que emerxera unha nova e parcial fixación de posición para a economía, posición claramente imprevista, e con todo, resultado lóxico do desenvolvemento de toda a historia do capitalismo até ese momento. Chegou na forma de creación dunha vasta e relativamente autónoma superestrutura financeira sobre da base produtiva da economía capitalista.

Por suposto, os mercados e as institucións financeiras evolucionaron historicamente xunto co capitalismo. Mais as auxes financeiras eran episodios típicamente de corto prazo coincidindo cos máximos do ciclo económico, e carecían do carácter independente que asumirían logo nos anos oitenta e noventa do século pasado. Así, coma escribiu Sweezy con agudeza en 1994, en “*O trunfo do capital financeiro*”:

“Tradicionalmente, a expansión financeira ten ido da man coa prosperidade da economía real. É posíbel que realmente isto non continúe sendo certo; que agora, rematando o século vinte, o oposto sexa máis seguramente o caso: noutras palabras, que agora a expansión financeira non se alimenta sobre unha economía próspera senón sobre unha estancada?. A resposta a esta pregunta, penso, é que si é posíbel e ademais está acontecendo. E engadirei que estou completamente convencido de que esta relación invertida entre o real e o financeiro é a clave para comprenderen as novas tendencias na [economía] mundial”²⁹.

Para comprender o cambio histórico que tivo lugar neste período é crucial o recoñecer que existen, en esencia, dúas estruturas de prezos na moderna eco-

nomía capitalista: unha relacionada cos prezos dos produtos e asociada co PIB cos economistas chaman “economía real”; a outra relacionada co prezo dos activos, neste período contemporáneo compostos primordialmente de “activos financeiros” ou papeis reclamando riqueza³⁰. Esencialmente, o que aconteceu foi isto: incapaces de atoparen saídas para o excedente crecente da economía real, o capital (pola vía das corporacións e dos investidores individuais) verteu o seu excedente en exceso/aforros no ámbito financeiro, especulando co incremento dos prezos dos activos. Entre mentres, as institucións financeiras, pola súa parte, descubriron novas e innovadoras maneiras de acomodar a esta inxente entrada de capital diñeiro e apancar a superestrutura financeira da economía até alturas nunca vistas engadindo préstamos, todo ilo facilitado por medio de toda caste de instrumentos financeiros exóticos, coma os derivados, as opcións, a *titulización*, etc.. Obviamente, un determinado medre das finanzas constituía unha exigencia a medida co capital convertíase en globalmente máis móbil. Isto, asemade, actuou coma un catalizador, promovendo o crecemento desbocado das finanzas nunha escala mundial.

O resultado foi a creación de montañas de débeda xunguidas a un crecemento extraordinario dos beneficios financeiros. Nos EEUU, a débeda privada total (familias e empresas) pasou do 110 por cento do PIB en 1970 ao 293 por cento dese PIB en 2007; mentres as ganancias financeiras medraron sen control, aumentando por máis do 300 por cento entre 1995 e mediados de 2007³¹.

Este longo proceso de décadas de *financiarización* desde os anos setenta e oitenta do século pasado até a crise presente tivo o efecto indirecto de fomentaren o crecemento do PIB a través de diversos “efectos riqueza”, do feito agora ben coñecido de que unha certa porción dos incrementos *percibidos* en activos entra de novo na economía produtiva na forma de demanda económica, en particular de consumo. Por exemplo, o incremento do gasto dos consumidores na vivenda tivo lugar a medida cos individuos acomodados beneficiados pola subida de valor dos activos (inmobiliarios e accións) mercaron segundas vivendas, contribuíndo a un *boom* na construción de vivendas para as clases altas³². Porén, a consecuencia foi a dependencia en grao crecente do conxunto da economía dunha burbulla financeira tras doutra cara manter o xogo a flote. E, coas ampliacións sucesivas da cantidade da débeda por créditos concedidos, a súa calidade diminuíu. Este proceso conxunto supoñía a confianza crecen-

O resultado foi a creación de montañas de débeda xunguidas a un medre extraordinario dos beneficios financeiros. A débeda privada total (familias e empresas) pasou do 110 por cento do PIB en 1970 ao 293 por cento en 2007; mentres que as ganancias financeiras aumentaron sen control, por máis do 300 por cento entre 1995 e mediados de 2007

27 Oficina de Análise Económica, Produto e Renda Nacional, Taboa 1.1.1.

28 Ver Magdoff e Sweezy, *A Dinámica do Capitalismo Americano* (1972), *O Final da Prosperidade* (1977), *A Intensificación da Crise do Capitalismo dos EEUU* (1981), *O Estancamento e a Explosión Financeira* (1987), e *A Crise Irreversible* (1988), todos eles publicados na Monthly Review Press.

29 Paul M. Sweezy, *O Trunfo do Capital Financeiro*, Monthly Review 46, nº2 (xuño 1994), 8.

30 Hyman Minsky, *Pode 'Ilo' Acontecer de Novo?* (New York: M.E. Sharpe, 1982), 94-95.

31 Foster e Magdoff, *A Grande Crise Financeira*, 121; Henry Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira* (Hoboken, New Jersey: John Wiley and Sons, 2009), 161.

32 Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 174; Consello da Reserva Federal de San Francisco, *Carta Económica*, 19 de xaneiro de 2007.

te no Consello da Reserva Federal (e na dos bancos centrais das outras potencias capitalistas principais) como “prestamistas de última instancia” unha vez rebentaba unha burbulla financeira importante.

Dado a afianzamento da *financiarización* principiando nos anos setenta do século pasado, e logo de maneira acelerada nas décadas seguintes, os EEUU e as economías mundiais estiveron expostos a crises financeiras a mais importantes (eufemisticamente aludidas como crises de crédito). Desde 1970 tiveron lugar polo menos quince episodios importantes de alteracións financeiras dos que os máis recentes foron: o fracaso do fondo de alto risco Long Term Capital Management en 1998; a crise da Nova Economía en 2000; e a Grande Crise Financeira de 2007-2009. Non só asistimos a crises financeiras convertidas en endémicas, senón que teñen tamén unha escala e impacto global cada vez máis elevado³³.

A relación simbiótica entre o estancamento e a *financiarización* significa que, en cada estalido financeiro, a Reserva Federal e os outros bancos centrais foron forzados a intervir proporcionando auxilio a un sistema financeiro fráxil, cara evitar que a superestrutura financeira coma un todo colapsara e que a economía propensa ao estancamento se debilitase aínda máis. A isto levou a longo prazo a desregulación, peza a peza, do sistema financeiro, e o fomento e estímulo por parte das autoridades do Estado da innovación financeira. O que inclúe o medre da “*titulización*”, a transformación de débeda non negociábel en valores mobiliarios so pretexto da ilusión de que coa utilización destes medios o risco do crédito podería diminuír e ampliarse os beneficios. O sistema enteiro converteuse en internacionalizado baixo o liderado do que Peter Gowan denominou “o réxime do dólar de Wall Street”. O crecemento das finanzas internacionais veuse favorecida polo rápido desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da comunicación, promovendo unha competencia crecente entre os centros financeiros, con Wall Street situado como o centro ou eixo das finanzas mundiais³⁴.

Nos EEUU, foi clave para o novo sistema financeiro o xurdimento dun “complexo industrial financeiro” a medida cas principais corporacións industriais foron atraídas polo mesmo, mudando do financiamento por accións ao financiamento mediante débeda, e desenvolvendo as súas propias filiais financeiras. A concentración medrou desafortadamente, proceso que só se acelerou coa crise

presente. Tan recentemente coma en 1990, as dez maiores institucións financeiras dos EEUU retiñan o 10 por cento dos activos financeiros totais; hoxe son propietarios do 50 por cento. As vinte institucións principais reteñen agora o 70 por cento dos activos financeiros, desde o 12 por cento en 1990. Rematando 1985 existían nos EEUU 18.000 bancos membros do FDIC [N.T. Corporación Federal de Seguro dos Depósitos, axencia creada polo Congreso ianqui cara manteren a estabilidade e a confianza do público no sistema financeiro]. Finalizando 2007 tiñan descendido a 8.534, e desde entón, minguaron aínda máis. Dos quince maiores bancos ianquis en 1991 (que mantiñan conxuntamente nese momento do tempo 1,5 billóns de dólares en activos), unicamente cinco permanecían finalizando 2008 (mantendo 8,9 billóns de dólares en activos). Como declarou o líder dos analistas financeiros Henry Kaufman: “*Nunha soa xeración o noso sistema financeiro ten sido transformado. Despois de funcionar por séculos como unha constelación de servizos especializados, rapidamente uniuse en conxunto nun oligopolio altamente concentrado de firmas enormes, diversificadas e integradas*”. Continuando: “*Cando a crise actual amaine, o poder de fixación de prezos destes enormes conglomerados financeiros medrará de modo significativo a expensas dos prestameiros e dos investidores*”³⁵.

Os acontecementos devanditos poden verse coma o sinal da transformación da etapa do capital monopolista na nova fase do capital monopolista financeiro. A característica desta fase de acumulación é a trampa estancamento-*financiarización*, polo que a expansión financeira converteuse no principal “amarre” do sistema, que con todo, resulta incapaz de superar a debilidade estrutural subxacente da economía. De maneira análoga á adición ás drogas, novos e cada vez maiores amarres faranse precisos en cada punto, simplemente para manter o sistema en funcionamento. Cada crise leva a un breve período de restrición, continuado por excesos adicionais. Outros estímulos externos, coma o gasto militar, seguen a xogaren un papel significativo na animación da economía, mais son agora secundarios no seu impacto cara incharen o globo das finanzas³⁶.

O réxime neoliberal de hoxe mesmo mírase dunha maneira máis asisada considerándoo coma o programa político do capital monopolista financeiro. Reclama a promoción de formas de explotación máis extremas, tanto directas como a través da reestruturación dos sistemas de pensións e de seguros, convertidos agora en centros principais do poder financeiro. Por tanto, as estratexias da acumulación neoliberal, que funcionan coa axuda dun “estado

O réxime neoliberal de hoxe mesmo mírase dunha maneira máis asisada considerándoo coma o programa político do capital monopolista financeiro. Exixe a promoción de formas de explotación máis extremas, tanto directas como a través da reestruturación dos sistemas de pensións e de seguros, convertidos agora, en centros principais do poder financeiro

33 Catorce das quince crises financeiras principais desde os setenta poden verse en *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 134, de Kaufman. A outra foi a crise financeira no Xapón en 1990 que levou a unha década ou máis de estancamento.

34 Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 57; Peter Gowan, *A Hexemonia dos EEUU hoxe* en John Bellamy Foster e Robert W. McChesney, eds., *A Pax Americana* (New York: Monthly Review Press, 2004), 57-76.

35 Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 67, 97-103, 229.

36 Sobre o papel dos gastos militares ver *O Triángulo Imperial dos EEUU e o Gasto Militar* de John Bellamy Foster, Hannah Holleman e Robert W. McChesney, *Monthly Review* 60, nº 5 (outubro 2008), 1-19.

depredador” son dirixidas, antes de nada e á vista do estancamento á mellora dos beneficios das corporacións, proporcionando as infusións de liquidez adicionais necesarias no sector financeiro. En todas as partes, a chegada do neoliberalismo, procedente e emanando tanto das corporacións coma do estado, ten significado unha intensificación da loita de clases³⁷. Moi lonxe de ser a restauración do liberalismo económico tradicional, o neoliberalismo é, por tanto, un produto do gran capital, do gran goberno, e das grandes finanzas nunha escala progresivamente global³⁸.

Asemade, o neoliberalismo levou ao incremento das desigualdades internacionais, aproveitándose da propia carga da débeda que as economías periféricas foron alentadas a contratar e asumir, cara forzar unha reestruturación rigorosa das economías máis pobres: que atinxe á eliminación das restricións aos movementos do capital, á privatización, á desregulación, á eliminación dos apoios estatais aos pobres, á *des-sindicalización*, etcétera.

Facendo fronte ás perdas do sector financeiro, o Consello da Reserva Federal e o Tesouro dos EEUU adoptaron explicitamente unha política de “demasiado grande para acabarse”, desmentindo á noción neoliberal dunha economía de mercado “autoregulada”. O obxectivo foi apuntalar ás principais institucións financeiras e socializar a súas perdas, mentres gardáronse moito e ben en aplicaren unha política de non intervención durante os períodos nos que a burbulla financeira expandíase; por conseguinte, permitindo que as corporacións botaran un aproveitamento pleno da burbulla no período previo á súa explosión.

Por tanto, baixo o dominio do capital monopolista financeiro asistimos a unha intensificación do paradoxo da acumulación. Superposta no cumio dunha intensificación da tendencia á sobreacumulación da economía produtiva ou real sitúase a contradición adicional dun sistema que progresivamente anda á busca de promover o medre da produción coma un efecto secundario da promoción dos activos financeiros especulativos. É coma si, na famosa notación simbólica de Marx, un puidera expandir indefinidamente a riqueza e o valor por medio de $D(\text{iñeiro}) - D'$, no canto de $D - M(\text{ercadoría}) - D'$,

37 Sobre os aspectos represivos do estado neoliberal ver *O Estado Depredador* de James K. Galbraith (New York: The Free Press, 2008), e *O Estado Penal na Etapa de Crise* de Hannah Holleman, Robert W. McChesney, John Bellamy Foster e R. Jamil Jonna, *Monthly Review* 61, nº 2 / xuño 2009), 1-17. Sobre a loita de clases ver *Por qué importan os sindicatos* de Michael D. Yates (New York: Monthly Review Press, 2009).

38 No seu derradeiro libro John Kenneth Galbraith declarou que na ideoloxía neoliberal “ponerlle un novo nome ao sistema” tal coma “sistema de mercado” era pouco mais cunha acción de bulra da realidade. “*unha fraude nada inocente*”. Desde o seu punto de vista, relacionado con isto, estaba o abandono dentro da corrente de pensamento dominante (e incluso entre moitos da esquerda) do concepto de “*capitalismo monopolista*”. John Kenneth Galbraith, *A Economía da Fraude Inocente* (Boston: Houghton Mifflin, 2004), 3-9, 12.

saltándose por completo a produción de mercados para a xeración do valor excedente, isto é, o beneficio. Isto é un síntoma ben poderoso, por si falta fixera, da irracionalidade crecente do sistema.

A cuestión de que a dificultade esencial permanece na elevación da taxa de explotación dos traballadores indícao o feito de que, en 2006, a taxa salarial horaria real dos traballadores do sector privado non agrícola nos EEUU era a mesma que a existente en 1967, malia o enorme crecemento da produtividade e da riqueza nas décadas sucesivas entre as dúas datas. No período 2000-07, o medre da produtividade da economía dos EEUU foi do 2,2 por cento, mentres ca mediana do crecemento da taxa salarial horaria foi do -0,1 por cento. A remuneración por soldos e salarios coma porcentaxe do PIB declinou agudamente desde case o 53 por cento en 1970 até aproximadamente o 46 por cento en 2005. Con todo, coma si se tratar dun desafío sombrío destas tendencias, no mesmo período temporal, o consumo elevouse coma porcentaxe do PIB desde ao redor do 60 por cento a comezos dos anos sesenta até case o 70% en 2007³⁹. Semellantes desenvolvementos contraditorios foron posíbeis grazas a unha expansión masiva do endebedamento das familias e da creación final dunha burbulla inmobiliaria, enraizada na *titulización* dos créditos hipotecarios. O rebentar da “burbulla inmobiliaria” foi o resultado inevitábel da destrución das finanzas familiares da grande maioría da poboación traballadora⁴⁰.

A ESTRATEXIA SEN SAÍDA DO SISTEMA

Na Grande Crise Financeira e a Grande Recesión que a seguiu de maneira durísima, a Reserva Federal e o Tesouro dos EEUU, xunto cos outros bancos centrais e departamentos do tesouro, comprometeron decenas de billóns de dólares para salvar ás institucións financeiras (a comezos de 2009, subministráronse nas operacións de salvamento, só polo goberno dos EEUU, 12 billóns de dólares en inxeccións de capital, de apoio á débeda e a outras obrigas financeiras das corporacións)⁴¹. No caso dos EEUU, cara levar isto a cabo, imprimíronse cantidades xigantescas de dólares, o balance contábel da Reserva Federal foi inchado coma un globo e o déficit federal púxose polas nubes. Inda que na crise o capital mundial teña saído á busca de dólares, inflando o seu valor e aparentemente reforzando a súa posición coma moeda hexemónica, existe agora o temor de

39 Lawrence Mishel, Jared Bernstein e Heidi Shierholtz, *O Estado da América Traballadora, 2008/2009* (Ithaca, New York: Cornell University Press, 2009). Táboa 3.1. Foster e Magdoff, *A Grande Crise Financeira*, 129-31.

40 Ver *A Burbulla do Endebedamento das Familias* en Foster e Magdoff, *A Grande Crise Financeira*, 27-38.

41 *Os rescates financeiros se achegan ao PIB cando se garante un máximo de 128 billóns*, *Blomberg.com*, 31 de marzo de 2009; Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 213.

A Reserva Federal e o Tesouro dos EEUU xunto cos outros bancos centrais e departamentos do tesouro, comprometeron decenas de billóns de dólares para salvar ás institucións financeiras (a comezos de 2009, só polo goberno dos EEUU, 12 billóns de dólares en inxeccións de capital, en apoio á débeda, e a outras obrigas financeiras das corporacións)

que este proceso se inverterá a medida que comece a recuperación, ameazando con desestabilizar as finanzas globais⁴².

Para algúns analistas económicos e investidores o que salva á economía mundial é o rápido crecemento da China e a India. A miúdo vese isto coma apuntando, co pasar do tempo, cara unha nova hexemonía con base en China, e coma un novo e longo movemento ascendente de crecemento capitalista⁴³. Porén, no presente, o peso relativo destas economías capitalistas emerxentes non é o suficiente para compensar a situación de estancamento no centro. E mesmo as proxeccións a longo prazo máis optimistas, nas que a China e a India (xunto con outras economías emerxentes) son capaces de dar o salto a unha nova etapa de acumulación sen intensificar a desestabilización e a polarización de clase, non entanto, chaman a atención sobre os problemas insuperábeis da madurez, o estancamento e a *financiarización* (por non mencionar a atafegante presión sobre os recursos do planeta).

Entrementres, no centro do sistema, as forzas que impiden o crecemento seguen sendo considerábeis. Kaufman ten escrito que *“Despois dun longo período de décadas, a crise actual levou ao seu fin o crecemento do endebedamento do sector privado. As institucións que facilitaron este rápido medrar da débeda nas décadas recentes atópanse agora incapacitadas e inhabilitadas, e os seus prestameiros abafados”*⁴⁴.

Significa isto co proceso de *financiarización*, que impulsou á economía nas décadas recentes fixo agora un alto e que, por tanto, debe agardarse un estancamento profundo, prolongado, nos meses e anos vindeiros?. Coidamos, como indicouse denantes, que este é o resultado máis probábel da crise en curso.

Non entanto, como vimos, existen forzas poderosas loitando pola restauración da *financiarización* polo Estado, coa idea de lograr que se recupere outra vez o impulso total especulativo. Nalgúns casos, isto faise baixo a aparencia de manobras moi modestas cara a regulación financeira para, deste xeito, promover a confianza e “leximitar” ao sistema. Certamente, todos os indicios no presente son que o capital financeiro está sendo posto de novo no seu sitio na sela de montar. E non sendo agora capaces as anteriores formas de *titulización* de achegar novos

investidores, os grandes conglomerados financeiros andan a vender o que *Business Week* denomina “unha nova xeración de produtos arriscados e perigosos”. Por exemplo:

“Nos meses recentes estes grandes bancos, coma os casos do Bank of America, Citigroup, e JPMorgan Chase, embarcáronse no desenvolvemento de modernas liñas de crédito corporativas ligadas a complicados e volátiles derivados ... Algunha das últimas innovacións de Wall Street dan pé para facer unha pausa ... Por regra xeral os prestamistas ligan as liñas de crédito corporativo ás taxas de xuro a curto prazo. Mais agora Citi, JPMorgan Chase e BofA, entre outros, enlazan as liñas de crédito tanto as taxas a curto prazo como aos *credit default swaps* (CDS) [N.T.: literalmente, algo así como “permutas de incumprimento crediticio”], derivados complexos e volátiles que se supón operan coma un “seguro” saldando aos propietarios se unha compañía é incapaz de facerlle fronte a súa débeda ... Nestes novos amaños cando o prezo do CDS sube, xeralmente un signo de que o mercado pensa que a saúde da compañía estase a deteriorar, o custo do préstamo tamén se incrementa. Resultado: cando máis delicada sexa a situación dunha compañía maiores serán os tipos de xuro que debe pagar, o que prexudica a compañía inda máis ... Os xestores deben enfrontarse agora a dúas capas de volatilidade, tanto aos tipos a curto prazo coma aos CDS, cuxos prezos poden frustrarse por razóns fóra do seu control”.

O *Business Week* vén de informar aos seus opulentos lectores da emisión doutros novos instrumentos especulativos, como, por exemplo, as “notas estruturadas” ou unha forma de derivado proposto para os pequenos investidores, ofrecendo “teaser rates” [N.T.: algo así coma “taxas crebacabezas”], garantindo practicamente elevados rendementos aos pequenos investidores durante uns poucos anos, seguidas logo diso por “perdas potenciais xigantes”⁴⁵.

Baixo as actuais circunstancias, neste momento é imposible determinar se estes instrumentos xerarán unha nova e importante burbulla financeira. Porén, non hai que negar que restaurar as condicións para unha expansión dirixida das finanzas tense convertido agora no obxectivo inmediato da política económica, enfrontada a unha propensión ao estancamento persistente da economía real. A irracionalidade social de semellante resposta unicamente pon de releve o paradoxo da acumulación, para o que hoxe non existe saída para o capital. A principal barreira á acumulación do capital continúa a ser a propia acumulación do capital!

27 de agosto de 2009

⁴⁵ *Vellos Bancos, Novas Xogadas Suxas*, Business Week, 17 de agosto de 2009, 20-23.

⁴² *O declinar do dólar e do ien a medida ca recuperación da economía facilita a solicitude de refuxio*, Bloomberg.com, 22 de abril de 2009.

⁴³ Ver, por exemplo, *Un Rebote Incribel*, The Economist, 13 de agosto de 2009. Sobre a China como próximo hexemon ver *Adam Smith en Beijing* de Giovanni Arrighi, (Londres: Verso, 2007). Para unha tese optimista tendo en conta a relación de China (e a doutros países emerxentes asiáticos) coa “acumulación transnacional” ver *China e a Dinámica da Acumulación Transnacional* de Martin Hart-Landsberg e Paul Burkett, *Materialismo Histórico*, 14, nº3 (2006), 3-43.

⁴⁴ Kaufman, *O Camiño cara a Reforma Financeira*, 223.

Non entanto, existen forzas poderosas loitando pola recuperación da *financiarización* polo Estado, coa idea de lograr que se recupere outra vez o impulso especulativo. En casos, isto faise so a aparencia de manobras moi modestas de regulación financeira para promover a confianza e «leximitar» o sistema

A Idade do Capital Monopolista-Financeiro

John Bellamy Foster

MONTHLY REVIEW

Febreiro, 2010

LIMIAR

Fai tres anos, en decembro de 2006, escribía un artigo para a Monthly Review titulado “O Capital Monopolista-Financeiro”. Foi con ocasión do aniversario de *O Capital Monopolista* de Paul Baran e Paul Sweezy, publicado corenta anos antes, en 1966. Escribín que “*A máis importante cuestión a abordar no corenta aniversario do libro de Baran e Sweezy*” é: ¿Cambiou o capitalismo, evolucionando aínda máis dentro ou mesmo fóra da etapa monopolista tal coma eles a describiran?. Por suposto non existe unha resposta doada para esta pregunta. Igual que no caso dos principais desenvolvementos históricos o que resulta máis evidente en retrospectiva é a natureza contraditoria das mudanzas que tiveron lugar desde mediados dos anos sesenta da década pasada. Por unha banda, está claro co sistema inda non atopou unha maneira de avanzar en relación coa súa forza motriz: o proceso de acumulación do capital. O impas do estancamento descrito no “Capital Monopolista” ten empeorado: a enfermidade subxacente propagouse e se fixo máis fonda á vez que novos síntomas corrosivos fixéronse realidade. Pola outra, o sistema atopou novas maneiras de se reproducir, de maneira que, de xeito paradoxal, o capital incluso prosperou no contexto deste impas, por medio do crecemento explosivo das finanzas ... Provisionalmente denominarei a esta nova fase híbrida do sistema como “capital monopolista-financeiro”.

O artigo procedeu logo a discutiren a “realidade dual” dun crecemento estancado (ou o estancamento) e a *financiarización* que caracterizaba ás economías avanzadas nesta fase do capitalismo. Concluía que isto apuntaba cara dúas posibilidades: (1) unha crise financeira e económica importante na forma

dun “cataclismo do endebamento global e de deflación da débeda”, e (2) a prolongación da relación simbiótica estancamento-*financiarización* do capital monopolista-financeiro¹. De facto, argumentaba que o que experimentamos nos dous últimos anos era cada unha delas de maneira secuencial: a peor crise económico-financeira desde os anos trinta, e despois o sistema esforzándose por se repoñer regresando á *financiarización* coma o seu medio normal de contrarrestaren o estancamento². Está así dobremente claro hoxe que estamos nunha nova fase do capitalismo. No que segue, tentarei de esbozaren a lóxica deste argumento, como evolucionou segundo os traballos de Baran, Sweezy e Harry Magdoff, en particular, e como se relaciona co noso presente aperto e dificultade económica e social.

A ETAPA MONOPOLISTA

No *Capital Monopolista*, Baran e Sweezy describiron o capitalismo avanzado exemplificado nos EEUU, coma unha orde económica e social dominada polas corporacións xigantes, monopolistas (ou oligopolistas), o produto da concentración e da centralización da produción descrita por Marx no

1 John Bellamy Foster, ‘O Capital Monopolista-Financeiro’, *Monthly Review* 58, nº 7 (nadal, 2006): 1-14. Foi incluído como un capítulo de *A Grande Crise Financeira* de J.B. Foster e Fred Magdoff (New York: Monthly Review Press, 2009). Ver asemade *O Capital Monopolista* de Paul A. Baran e Paul M. Sweezy (New York: Monthly Review Press, 1966).

2 O actual ‘recurso ás finanzas’ e o ascenso do capital monopolista-financeiro non debería confundirse ao que Rudolf Hilferding se refería na súa obra clásica *O Capital Financeiro* (1902), na que defina o ‘capital financeiro’ como ‘o capital controlado polos bancos e utilizado polos industriais’. Hoxe, a cuestión é máis ben o emprego especulativo do capital diñeiro nos mercados financeiros globais como parte dunha *financiarización* secular. Inda que este proceso incrementou enormemente o poder dos mercados e institucións financeiras, dista moito da era moito máis sinxela de elevación do investimento bancario, no que se centra a análise de Hilferding. Ver Doug Henwood entrevistado por Geert Lovink, ‘Finanzas e economía após do *crash* das punto com’, 20 de decembro de 2001, <http://www.nettime.org>. Ver asemade Paul M. Sweezy, *A Teoría do Desenvolvemento Capitalista* (New York: Monthly Review Press, 1942), 266.

Por outra banda, o sistema atopou novas maneiras de se reproducir, de maneira que, de xeito paradoxal, o capital incluso prosperou no contexto deste impas por medio do crecemento explosivo das finanzas... Provisionalmente denominarei esta nova fase híbrida do sistema coma «capitalismo monopolista-financeiro».

Capital. O trazo central do sistema era a tendencia á elevación do (valor) excedente, un fenómeno feito posíbel grazas á prohibición efectiva da competencia xenuína en prezos nas industrias maduras, monopolistas, conxuntamente coa elevación continuada da produtividade. Baixo estas condicións a principal restrición económica xa non era a xeración de excedente, senón mellor, a súa absorción, isto é, a carencia crónica de demanda efectiva³.

Na análise ao uso do gasto capitalista, o excedente pode ser absorbido de dúas maneiras: (1) polo consumo dos capitalistas, e (2) polo investimento. O consumo capitalista tropeza contra da dinámica interna do propio capital (“*Acumulade! Acumulade! Iso é Moisés e os Profetas!*”), en tanto que as corporacións abstéñense de realizaren investimentos netos se os beneficios esperados deses novos investimentos son febles. Esas expectativas están afectadas polo nivel existente de utilización da capacidade na industria; a presenza de plantas e equipamentos inactivos ou ociosos desalentan aos empresarios a investir para incrementar inda máis a capacidade. Ademais, dada a tendencia a un excedente en ascenso, o que normalmente significa cos salarios reais medran menos ca produtividade (é dicir, os traballadores soportan unha explotación maior), leva a que o consumo dos asalariados sexa débil de maneira crónica en relación coa capacidade da sociedade para producir, dando como resultado un exceso de capacidade crecente, e a atrofia do novo investimento. Por tanto, baixo o capital monopolista, a tendencia do crecemento a longo prazo é frouxa, lenta, estando caracterizado pola ampliación e extensión da brecha do subemprego. Noutras verbas, a economía quédase moi por embaixo da súa taxa potencial de crecemento, o que implica a *subutilización* do traballo e dos bens de capital. Por tanto, segundo argumentaron Baran e Sweezy, o estado normal da economía capitalista monopolista era o estancamento e a tendencia subxacente a un crecemento lento.

Neste sentido, o estancamento económico non se debería confundir co estancamento tecnolóxico e dos produtos de consumo. Certamente, o desenvolvemento constante da tecnoloxía de produción que caracteriza ao capitalismo en xeral (incluída a súa etapa monopolista) aumenta só o potencial produtivo do sistema, intensificando as tendencias á sobreacumulación. Baixo estas circunstancias podemos imaxinar co sistema podería ser rescatado do seu estado de estancamento grazas ao xurdir dunha innovación que fixese época da escala da máquina de vapor, o ferrocarril, e o automóbil, en termos dos seus efectos totais económicos e xeográficos, que

³ A teoría da acumulación presentada en *O Capital Monopolista* estaba construída sobre as obras económicas anteriores de Michael Kalecki e Josef Steindl. Ver Michael Kalecki, *Teoría da Dinámica Económica* (New York: Monthly Review Press, 1965); Josef Steindl, *Madurez e Estancamento no Capitalismo americano* (New York: Monthly Review Press, 1976).

xerase unha vasta demanda de novo investimento, con independencia das restricións existentes no ingreso. Baran e Sweezy argumentaron que non asomaba polo horizonte ningunha innovación de tal importancia.

Certo era co capital monopolista resultou ser sumamente innovador en xerar montañas de novos produtos de consumo, en numerosos casos resultado non dunha satisfacción das necesidades xenuínas senón dunha creación artificial de necesidades. Mais, malia a súa mítica “destrución creativa” e á proliferación de desperdicios, o sistema foi incapaz de superar a tendencia crónica á saturación dos mercados⁴.

O Capital Monopolista foi publicado no punto final da “idade dourada” económica pos Segunda Guerra Mundial, un período aparentemente moi afastado do estancamento. Eran os tempos nos que os economistas convencionais (non por vez última) proclamaban o final dos ciclos económicos. Mais Baran e Sweezy insistiron en que a prosperidade do sistema a mediados dos sesenta era atribuíbel a un certo número de estímulo especiais fóra do proceso económico normal, que actuaban como factores compensatorios do estancamento. Algún deles eran temporais; outros máis ou menos permanentes. Estes últimos sinalaban cara os esforzos de vendas masivos, que tiñan penetrado no proceso de produción mesmo, xunto co crecemento do denominado FIRE (siglas inglesas de Finance, Insurance e Real State, é dicir, as finanzas, os seguros e as actividades inmobiliarias). Tamén o militarismo e o imperialismo, na forma da Guerra Fría e das guerras de Corea e Vietnam, alentaron e propulsaron a economía capitalista monopolista, absorbendo capacidade produtiva ociosa. Pola contra, argumentaron, o gasto público civil nos EEUU, como porcentaxe do PIB, tiña alcanzado xa, a finais dos anos trinta, o seu “límite extremo”, limitando, por conseguinte, o seu papel estimulador. (Isto ten permanecido coma certo até o día de hoxe, cun nivel de gasto e investimento civil coma porcentaxe do PIB, nas últimas catro décadas, situado aproximadamente ao mesmo nivel que no final dos anos trinta)⁵. A análise global apuntaba cara un sistema no que os diversos factores compensatorios era insuficientes a longo prazo para impedir que se afundira e regresara ao estancamento.

⁴ O concepto de “destrución creativa” equivale en Schumpeter ao termo innovación, a miúdo abrangendo a destrución previa do capital que caracterizaba á produción capitalista. Con todo, a innovación que celebrou era moi a miúdo unha caste de destrución creativa que xeraba residuos económicos, coma enfatizaron as análises de Baran e Sweezy. Ver Joseph Schumpeter, *Capitalismo, Socialismo e Democracia* (New York: Harper-Collins, 1942), 81-86.

⁵ Sobre a tese de Baran e Sweezy do “límite extremo” do gasto público civil coma porcentaxe do PIB, e a súa confirmación empírica desde os anos trinta até o presente, xunto co significado disto, ver J.B. Foster e R.W. McChesney, “Un New Deal con Obama”, *Monthly Review* 60, nº 9, (febreiro, 2009): 1-11.

Neste sentido, o estancamento económico non se debería confundir co estancamento tecnolóxico e dos produtos de consumo. Certamente, o desenvolvemento constante da tecnoloxía de produción que caracteriza ao capitalismo en xeral (incluída a súa etapa monopolista) aumenta só o potencial produtivo do sistema, intensificando as tendencias á sobreacumulación.

O ESTANCAMENTO E A EXPLOSIÓN FINANCEIRA

O capitalismo caeu nunha grave crise a mediados dos setenta. Mais na vez dun fenómeno enxebre de estancamento o que emerxeu foi a *estanflación* (unha economía medrando lentamente acompañada dunha inflación elevada). A interpretación dominante era que a inflación era a culpábel real e, por tanto, a estratexia principal converteuse nunha reestruturación económica nas súas diversas rúbricas: monetarismo, economía da oferta (política de reestruturación), neoliberalismo. A Idade de Hayek remprazou á Idade de Keynes. Finalizando os anos setenta, o *shock* dos tipos de xuro provocado por Paul Volcker, Presidente do Consello da Reserva Federal, que conduciu á crise de endebedamento do terceiro mundo, foi parte desta mudanza completamente represiva. Nos EEUU, unha nova onda de gasto militar e de intervencionismo imperial acompañouse cos esforzos dirixidos cara ao recorte dos ingresos da clase traballadora, redistribuíndo a renda e a riqueza desde os pobres para os ricos. Internacionalmente, isto plasmouse na forma dunha reestruturación global coa débeda do terceiro mundo como a súa panca, dando paso a un período de globalización neoliberal.

Sweezy e Magdoff (que uniuse ao primeiro como coeditor da *Monthly Review* en 1969) continuaron sostendo en todo este período que o estancamento constituía a tendencia subxacente da economía capitalista dos monopolios e que a debilidade progresiva da produción ou da economía real eran disimuladas por medio do incremento masivo das finanzas. Nos anos setenta e oitenta, publicaron *O Final da Prosperidade* (1977), *O Estancamento e a Explosión Financeira* (1987), e outras obras, enfocando a atención na expansión constante da superestrutura financeira da economía capitalista, moi por riba dunha base produtiva que mostraba progresivamente signos de debilidade estrutural. Na súa última obra sinalaron que “*Entre as forzas contraditorias da tendencia ao estancamento ningunha ten sido máis importante ou menos comprendida polos analistas económicos co crecemento da estrutura da débeda do país (goberno, empresas e individuos), que comezou nos anos sesenta e tomou forza rapidamente após da grave recesión de mediados dos setenta, a un ritmo que superaba con moito a lenta expansión da economía “real” subxacente. O resultado foi a emerxencia dunha superestrutura financeira enorme e fráxil sen precedentes, suxeita a tensións e presións que ameazaron progresivamente a estabilidade da economía coma un todo*”⁶.

As tendencias ao crecemento especulativo do sis-

⁶ Harry Magdoff e Paul M. Sweezy, *O Estancamento e a Explosión Financeira* (New York: Monthly Review Press, 1987), 13.

tema crédito-débeda, identificado unicamente por Magdoff e Sweezy, se acelerou nas décadas posteriores. A débeda total privada na economía dos EEUU elevouse desde o 100 por cento do PIB en 1970 ao 293 por cento en 2007. (A débeda agregada, incluída a débeda pública en mans do público, medrou desde o 150% do PIB en 1970 ao 346 por cento en 2007). A inestabilidade financeira facíase progresivamente evidente por medio de crises de crédito recorrentes. Argumentaron na *Monthly Review* co crecemento da débeda parecíase a adición ás drogas, no sentido de que cada vez era necesaria máis droga para alcanzar o mesmo efecto estimulante, xunto cun lento deterioro da condición morfolóxica do suxeito. Nos anos setenta por cada dólar de novo endebedamento, o incremento no PIB dos EEUU era arredor do 60 céntimos. Comezando a primeira década do século actual ese incremento era só de 20 céntimos por cada novo dólar de débeda.

Durante os últimos corenta anos (1970-2010) a economía dos EEUU e a economía mundial coma un todo, malia o rápido crecemento nalgúns zonas asiáticas, experimentou unha desaceleración secular. A taxa de crecemento (axustada pola inflación) da economía ianqui diminuía década tras década: era inferior nos setenta que nos sesenta; inferior nos oitenta e noventa que nos setenta; e inferior no período 2000-09 que nos oitenta e noventa. O investimento neto ou novo non residencial caeu desde o 4,8 por cento do PIB no período 1965-66 ao 2,6 por cento no 2005-06. Os salarios horarios reais dos traballadores non agrícolas alcanzaron o seu máximo no ano 1972, e, polo ano 2006, tiñan regresado aos niveis de 1967. Entrementes, a remuneración por soldos e salarios como porcentaxe do PIB descendeu desde o 53 por cento no ano 1970 ao 46 por cento en 2006. Asemade, a mesma tendencia xeral cara o estancamento afectou a Europa e Xapón⁷.

A FINANCIARIZACIÓN

Finalizando os oitenta (a continuación do *crash* do mercado bolsista de 1987) e logo nos noventa, Sweezy pelexábase coa noción de *financiarización* coma unha tendencia máis ou menos permanente do capitalismo monopolista avanzado, a outra cara da moeda do estancamento. En 1997 escribiu: “*as tres tendencias subxacentes máis importantes na historia recente do capitalismo, no período que comeza coa recesión de 1974-75 [son]: (1) a desaceleración da taxa global de crecemento; (2) a proliferación mundial das corporacións multinacionais monopolistas (ou oligopolistas); e (3) o que se denominou como a financiarización do proceso de acumulación do capital*”. (Argumentou que a globalización, a cuarta tendencia, era un fenómeno moito máis longo, máis complexo e charramanguero que reflectía o medrar

⁷ Foster e Magdoff, *A Grande Crise Financeira*, 49, 121, 129.

A débeda total privada dos EEUU elevouse desde o 100 por cento do PIB en 1970 ao 293 por cento en 2007. (A débeda agregada, incluída a débeda pública medrou desde o 150 por cento do PIB en 1970 até o 346 por cento en 2007). A inestabilidade financeira facíase progresivamente evidente a través de crises de crédito recorrentes.

do imperialismo e que arrancaba desde o mesmo comezo da economía mundial capitalista)⁸.

A *financiarización* pode definirse como a mudanza do centro de gravidade da economía capitalista, desde a produción ás finanzas. Sweezy observou que a crise financeira e a inestabilidade tiña sido sempre un elemento no punto máximo do ciclo económico. Mais, cómo podería explicarse a expansión da *financiarización* como unha tendencia a longo prazo?. Era posíbel que a especulación financeira fora agora dirixida a alimentar non tanto un crecemento rápido senón un crecemento lento, invertindo a experiencia histórica pasada?. Era obvio que as corporacións e os investidores ricos que dispuñan dun excedente a súa disposición miraban de preservar e expandir o seu capital diñeiro enfrontados a unhas oportunidades de investimento que se esfumaban, metendo en operacións especulativas unha avalancha de diferentes activos. Non menos aparente era que as institucións financeiras foron capaces de prover unha oferta aparentemente infinita de instrumentos financeiros exóticos e opacos: toda caste de futuros, opcións e derivados. Mais a continuación de semellante “economía casino” ao longo de décadas, se ben que interrompida polas crise de crédito, cos bancos centrais intervindo como prestamistas de última instancia cara manter en funcionamento a totalidade do xogo, representou nada menos que unha transformación cualitativa da economía capitalista.

Coma Sweezy esbozou o problema nunha exposición retrospectiva de fai vinte e cinco anos en *O Capital Monopolista*: “Na tradición establecida dos economistas convencionais e dos marxistas, tratabamos a acumulación do capital coma o ser en esencia unha cuestión de incrementar o stock dos bens de capital existentes. Na realidade, isto é soamente un aspecto do proceso. A acumulación é tamén unha cuestión de incrementar o stock de activos financeiros. Por suposto, os dous aspectos están interrelacionados, mais a natureza desta interrelación é, cando menos, problemática⁹”. Aínda así, un certo número de aspectos desta interrelación eran progresivamente evidentes:

- A *financiarización* podería axudar a erguer unha economía estancada a través do emprego creado no sector FIRE (finanzas, seguros e inmobiliario) e de toda caste de efectos riqueza que trasladaban os prezos incrementados dos activos en nova demanda.

- A *financiarización* foi incapaz de alterar o problema subxacente do estancamento dentro da pro-
8 Paul M. Sweezy, ‘Máis ou Menos Globalización’, *Monthly Review* 49, nº 4 (Setembro 1997): 3-4. O termo ‘financiarización’ fixo a súa primeira aparición na *Monthly Review* en 1995 nun exame que abordaba o libro de Kevin Phillips *O Capital Arrogante*, que facía uso dese concepto. Ver Bertram Gross, ‘Os Exércitos de Reserva da Inseguranza’, *Monthly Review* 47, nº 1 (Maio 1995): 43.
9 Paul M. Sweezy, ‘O Capital Monopolista após de vinte e cinco anos’, *Monthly Review* 43, nº 7 (Decembro 1991): 56.

dución e, en certos aspectos, mesmo o agravou.

- O crecemento das finanzas en relación coa economía real implicaba tamén o xurdimento de burbullas financeiras que ameazan coa súa explosión.
- A economía capitalista monopolista dependía progresivamente do papel dos bancos centrais como prestamistas de última instancia cara promover liquidez e capital no caso dunha crise financeira.
- Canto máis efectivos eran os bancos centrais impedindo o colapso do sistema financeiro, máis cousas deberían instaurar para as crises cada vez maiores do futuro.
- Se as burbullas financeiras eran suficientemente grandes poderían atafegar a capacidade dos bancos centrais e dos departamentos do tesouro cara facerlle fronte á situación, sendo concibíbel en tal caso unha seria deflación de débeda.
- O poder económico estaba mudando desde as sas de xuntas das corporacións ás institucións financeiras e os mercados, afectando á totalidade da economía mundial capitalista de formas moi complexas a través dun proceso de globalización financeira.
- O papel crecente das finanzas era evidente non só na expansión das corporacións financeiras senón tamén no crecemento de actividades e filiais financeiras das corporacións non financeiras, de tal maneira ca distinción entre corporacións financeiras e non financeiras, inda sendo significativa, anubrúbase progresivamente.
- A *financiarización* nos anos oitenta e noventa era a nova forza principal no proceso moito máis a longo prazo de globalización, e constituía o elemento definidor no conxunto da etapa de política económica neoliberal.
- A *financiarización* estaba progresivamente interconectada de formas moi complexas co endebedamento público, transformando o papel dos déficits, particularmente nos EEUU, o centro da *financiarización* global.
- Dadas as tendencias ao estancamento profundamente arraigadas, non existía mais alternativa para a economía capitalista que continuar coa *financiarización*¹⁰.

A GRANDE CRISE FINANCEIRA E A SEGUNDA CONTRACCIÓN

Nun artigo que escribín xunto con Harry Magdoff e Robert McChesney na *Monthly Review* en novembro de 2002, fundamentándonos neste modelo xeral referímonos, en primeiro lugar, ao rebentón da burbulla inmobiliaria/residencial como unha forza desestabilizadora potencial da economía dos EEUU.
10 Todas estas teses poden se atopar nos escritos de Magdoff e Sweezy. Ver, por exemplo, Harry Magdoff e Paul M. Sweezy, *A Crise Irreversíbel* (New York: Monthly Review Press, 1998), e Paul Sweezy, ‘O Trunfo do Capital Financeiro’, *Monthly Review* 46, nº 2 (Xuño 1994): 1-11. Tamén Foster e Magdoff, *A Grande Crise Financeira*.

As institucións financeiras foron capaces de prover unha oferta aparentemente infinita de instrumentos financeiros exóticos e opacos: toda caste de futuros, opcións e derivados. Mais a continuación de tal «economía casino» por décadas, ben que interrompida polas crises de crédito, cos bancos centrais intervindo como prestamistas de última instancia cara manter en funcionamento a totalidade do xogo, representou nada menos que unha transformación cualitativa da economía capitalista.

Isto foi continuado na primavera seguinte por un artigo titulado *Qué Recuperación?* no que sostivemos que “*A burbulla residencial ben pode ser estirada mais ou menos en capas tan delgadas como se poida sen chegar a rebentar*”. Posto co problema convertíase a máis crítico, escribín “*A burbulla da débeda familiar*” na revista de maio de 2006 da *Monthly Review*, apuntando aos préstamos insostíbeis sobre a hipoteca da vivenda (recaendo as cargas máximas sobre os traballadores), e á posibilidade dun rebentón da burbulla con amplos efectos sobre o conxunto da economía. Isto foi continuado polo artigo de novembro de 2006 de Fred Magdoff titulado “*A explosión da débeda e a especulación*”. Así, mentres que determinados aspectos específicos dos inicios da crise ao final do verán de 2007 constituíron unha sorpresa para nós, o desenvolvemento xeral non¹¹.

Como Carmen Reinhart e Kenneth Rogoff indicaron en “*Esta vez é diferente: Oito Séculos de insensatez financeira*”: “*As crises financeiras rara vez acontecen no baleiro. Moito máis a miúdo a crise financeira comeza só despois de que un shock real desacelera o ritmo da economía; por tanto, serve como un mecanismo amplificador na vez de ser o detonador*”. O que estes mesmos autores chaman a Segunda Contracción (a Grande Depresión foi a Primeira Contracción), na lóxica da nosa análise, pode entón ser interpretada aquí, como xurdindo a partires das forzas paralizantes que conducen ao rebentar da burbulla financeira, que logo actúa como un mecanismo amplificador¹².

A propia Grande Crise Financeira pode verse como unha clase de “reversión formidábel” dos beneficios financeiros en liña coa tendencia de crecemento estancado subxacente na economía real, dando como resultado perdas de billóns de dólares. Isto, entón, constituíu a *crise da financiarización*, do medio principal cara contrarrestaren o estancamento na produción. En 18 meses, entre setembro de 2007 e marzo de 2009, liquidáronse 50 billóns de dólares en activos globais, incluídos 7 billóns de valores no mercado bolsista dos EEUU e 6 billóns de patrimonio inmobiliario ianqui. A comezos de marzo de 2009 o índice industrial do Dow Jones, axustado pola inflación, *caera ao seu nivel de 1966*, é dicir, ao momento temporal no que Baran e Sweezy publicaban o seu *Capital Monopolista*, máis de catro décadas antes¹³.

11 John Bellamy Foster, Harry Magdoff e Robert W. Chesney, ‘Crises: Unha tras doutra para darlle Vida ao Sistema’, *Monthly Review* 54, nº 6 (Novembro 2002), e ‘Qué Recuperación?’, *Monthly Review* 54, nº 11 (Abril 2003):5-6; John Bellamy Foster, ‘A Burbulla do Endebamento Familiar’, *Monthly Review* 58, nº 1 (Maio 2006):1-11; Fred Magdoff, ‘A Explosión do Endebamento e a Especulación’, *Monthly Review* 58, nº 6 (Novembro 2006):1-23. Estes dous últimos artigos foron máis tarde incorporados como capítulos 1 e 2, respectivamente, de *A Grande Crise Financeira* de Foster e Magdoff.

12 Carmen M. Reinhart e Kenneth S. Rogoff, *Esta vez é Diferente: Oito Séculos de Insensatez Financeira* (Princeton, New Jersey: Princeton University Press, 2009), 219, 240-47.

13 Jim Reid, ‘Unha reversión media dun billón de dólares?’, Deutsche Bank, 15 de xullo de 2008, http://www.nuclearphynance.com/User%20Files/85/thought_of_jim_14july.

Hoxe, no que parece ser un cambio de rumbo principal, un só ano e poucos meses após do colapso de Lehman Brothers rematando o 2008, que xerou o temor dun cataclismo total do sistema financeiro, estamos contemplando os comezos dunha “recuperación dirixida dos prezos dos activos”, historicamente sen precedentes¹⁴. A estratexia principal dos estados capitalistas avanzados evolucionou desde as operacións de salvamento financeiro inmediato que implicaron decenas de billóns de dólares, a un intento moito máis concertado, do que non existen analoxías reais históricas, para reinstalaren a *financiarización* como a forza motriz do sistema. Porén, isto carrega perigos obvios.

A comezos de novembro de 2009, o economista da Universidade de Nova York, Nouriel Roubini, avisou de que “*desde marzo, os prezos dos activos atravesaron o seu teito nunha recuperación moi importante e sincronizada*”, alimentando o que se pode converter na “*nai de todas as burbullas de activos globais altamente apancados*”, abranguendo “*a nova burbulla de activos nos EEUU*”. Posteriormente a ese mes, o Presidente do Consello da Reserva Federal, Ben Bernanke, respondeu cautelosamente ás inquiredanzas de Wall Street a respecto de se a recuperación con base nas finanzas suscitaba o reto dunha burbulla de activos masiva e pronta a rebentar, manifestando simplemente (nunha caste de negativa nada negativa, de non pero si): “*É extraordinariamente difícil de dicir, mais non me resulta obvio ... [que] actualmente existen certos desalineamentos considerábeis no sistema financeiro dos EEUU*”. O *Wall Street Journal* publicaba isto baixo o titular: “*Bernanke: Polo de agora non existe ningunha burbulla de activos obvia nos EEUU*”¹⁵.

O extremo nerviosismo de Wall Street a fins de 2009, reflicte o feito de que os mercados financeiros incháronse con extraordinaria rapidez, por riba dunha economía real en total desorde. Isto agrandou o medo non tanto doutra burbulla, coma dunha burbulla que estase inflando con demasiada rapidez e masivamente, ameazando con explotar o mesmo de rápido e con efectos desbastadores. Andrew Haldane, director executivo de estabilidade financeira no Banco de Inglaterra, fala nun ton moi inquietante dun “*bucle funesto*”. Estima que o apoio subministrado polos EEUU e o R.U. aos seus bancos na *crise en curso elevouse ao redor das ¾ partes do* pdf, Lawrence H. Summers, ‘Resposta a un Crise Económica Histórica: o Programa de Obama’, Brookings Institution, Washington, D.C., 13 de marzo de 2009.

14 Ver Larry Elliott, ‘Cómico da economía e os mercados’, *The Guardian* (6 de xullo de 2009); Steve Hansen, ‘O Prezo dos Activos dirixe a posta en marcha da Recuperación Económica’, Financial Times blog, *Na Busca de Alfa* (30 de agosto de 2009), <http://www.seekingalpha.com>; John Bellamy Foster e Robert W. McChesney, ‘O Capital Monopolista-Financeiro e o Paradoxo da Acumulación’, *Monthly Review* 61, nº 5 (outubro, 2009): 1-13.

15 Nouriel Roubini, ‘A Nai de Todas as ‘Carry Trades’ enfrontase a un Rebentón Inevitable’, Ft.com (blog en Financial Times), 1 de novembro de 2009; ‘Bernanke: Polo de agora non existe ningunha burbulla de activos obvia nos EEUU’, *Wall Street Journal*, 16 de novembro de 2009.

En 18 meses, entre setembro de 2007 e marzo de 2009, liquidáronse 50 billóns de dólares en activos globais, incluídos 7 billóns de valores no mercado bolsista dos EEUU e 6 billóns de patrimonio inmobiliario ianqui. A comezos de marzo de 2009 o Índice Industrial Dow Jones, axustado pola inflación, caera ao seu nivel de 1966.

PIB destes estados. Argumenta que este apoio público masivo ás institucións financeiras está alentando aos xestores do diñeiro, aos administradores da axenda de valores, a asumiren riscos especulativos inda maiores, configurando o escenario para o vindeiro *crash*¹⁶.

Lawrence Summers, director do Consello Económico Nacional, e asesor principal de Obama, observou en marzo de 2009 que “*Que o crecemento económico impulsado por unha burbulla é problemático por mor da interrupción e dislocación que afecta tanto aos que tomaron parte nos excesos da burbulla coma aos que non. E, non é nin enteiramente saudábel nin razoábel incluso mentres dura. Entre 2000 e 2007, un período de sólido crecemento económico agregado, a familia típica cos seus membros en idade de traballar viron declinar os seus ingresos en case 2000 dólares. O declinar dos ingresos da clase media no mesmo momento no que os ingresos do 1 por cento dos situados na parte superior da escala social subiron coma un foguete ten un certo número de causas, mais unha delas é certamente a elevación dos prezos dos activos e o feito de que os beneficios do sector financeiro explotaron até o punto de chegar a representaren o 40 por cento dos beneficios totais empresariais en 2006*”.

Summers, ao emitir esta declaración, era moi consciente de que non existía ningún outro recurso para o capital monopolista financeiro e de que a senda de elevación dos prezos dos activos cara á recuperación económica, baseada nos programas de salvamento financeiro, levaban a este mesmo perigo. Por tanto, tratou de reconfortar a súa audiencia manifestando “[*que é*] dunha importancia fundamental asegurármolos de que non trocamos unha recesión dolorosa por outra expansión insostíbel”. A posición oficial da administración Obama consiste en que pode evitarse outro cataclismo financeiro introducindo novas regulacións financeiras¹⁷. Na realidade, isto refuga o recoñecer tanto a relación estrutural entre o estancamento e as finanzas como entre o crecemento económico e o poder político das finanzas.

A regulación efectiva dunha economía *financiariada* durante un certo tempo é imposible polas razóns que sinalara Harry Magdoff fai dúas décadas: “*Canto máis se inche o globo débeda-con-especulación máis ameazante se converterá a interferencia dos reguladores públicos, non sexa co globo rebente. Non só son disuadidos de intervir os bancos centrais e outras institucións públicas (agás no caso de operacións de rescate de grandes bancos e corporacións xigantes), senón que son incitados a eliminar inda*

16 “A Crise Económica Amaina, os Riscos Sistemáticos non”, *Wall Street Journal*, 7 de Nadal de 2009.
17 Summers, “Resposta a unha Crise Económica Histórica”. Neste contexto, é salientábel co Presidente do Consello da Reserva Federal Ben Bernanke adoptou a posición desde fai tempo de que o traballo de previr as burbullas de activos descansa principalmente na función regulatoria do goberno federal e non na política monetaria do Consello da Reserva Federal. Reinhart e Rogoff, *Esta vez é Diferente*, 212-14.

máis as regulacións existentes cara aliviar as tensións e superaren os puntos de ruptura potenciais asociados cos excesos financeiros”. Ademais disto, o crecemento dos mercados internacionais de capital limitan o poder dos estados para os regular, forzándoos a deixar paso libre ás forzas de mercado financeiro¹⁸. Por tanto, inda que se introduzan novas regulacións financeiras non poderán, finalmente, constituírense en limitacións efectivas.

A velocidade coa que foi reinstalada a *financiariación* na economía dos EEUU ao longo do último ano, reflectiu a mudanza do poder mencionada antes, desde as sas de xuntas das corporacións non financeiras ás institucións e mercados financeiros, todo o que medrou aínda máis no contexto da crise financeira. En 1990, as 10 institucións financeiras máis grandes dos EEUU representaban o 10 por cento dos activos totais da industria financeira ianqui. En 2008 esta participación superou o 60 por cento. O mesmo fenómeno dáse globalmente, de maneira cos 10 bancos máis grandes en 2009 representaban o 70 por cento dos activos bancarios globais, comparado co 59 por cento que representaban en 2006. Baixo estas circunstancias, o feito de que os funcionarios económicos de maior nivel da administración Obama teñan lazos directos con Wall Street resulta escasamente sorprendente¹⁹.

Aínda cando a economía dos EEUU exhibe agora signos dunha recuperación económica, trátase do que o moi importante analista financeiro, David Rosenberg, denominou a “Recuperación Houdini”. Polo menos o 80 por cento da elevación total dos beneficios nos EEUU no terceiro trimestre de 2009, corresponden ao sector financeiro (que representa unicamente ¼ da economía). Neste trimestre, o valor engadido bruto das empresas non financeiras diminuíu, consumando así este comportamento por cuarto trimestre consecutivo. Os consumidores escatiman o gastar. O investimento é inda feble. Os beneficios acrecentados nesta “recuperación” putativa son o produto dun dólar débil (que incrementa as ganancias obtidas no exterior), o estancamento ou o devalar dos custos laborais unitarios (que reflecten o feito de que o desemprego estea nun nivel de dous díxitos), e o declinar nos gastos non salariais na forma de impostos máis baixos, menores xuros, etcétera (debido ás intervencións estatais)²⁰.

18 Harry Magdoff, “Un Novo Estado de Capitalismo en adiante?” en *Inestabilidade e Cambio na Economía Mundial* de Arthur MacEwan e William K. Tabb (New York: Monthly Review Press, 1989), 350.

19 “A Crise Económica Amaina, os Riscos Sistemáticos non”; Floyd Norris, “Para deter os Pagos, Deter a Wall Street”, *New York Times*, 30 de outubro de 2009; Henry Kaufmann, *O Camiño cara a Reforma Financeira* (Hoboken, New Jersey: John Wiley and Sons, 2009), 99-101; Glenn Greenwald, “A Apropiación do goberno por Larry Summers, Tim Geithner e Wall Street”, *Salon.com*, 4 de abril de 2009.

20 David Rosenberg, “Meditacións de Mercado e Descifrado de Dados” (25 de novembro de 2009), <http://www.glushkinsheff.com>.

Canto máis se inche o globo débeda-con-especulación máis ameazante converterase a interferencia dos reguladores públicos, non sexa co globo remate por rebentar. Non só son disuadidos os bancos centrais e outras institucións públicas (agás no caso das operacións de rescate de grandes bancos e corporacións xigantes) senón que son incitados a eliminaren inda máis as regulacións existentes.

UNHA NOVA ETAPA DE ACUMULACIÓN?

A cuestión que suscitei no principio neste artigo é: Entrou o capitalismo nunha nova etapa?. No artigo “O *Capital Monopolista-Financeiro*” de 2006, referínme ao capital monopolista-financeiro como unha nova *fase da etapa* monopolista do capitalismo. Se podemos ver as *etapas* do capitalismo, por exemplo, o capitalismo competitivo do século XIX e o capitalismo monopolista do XX, como períodos dinámicos nos que a transformación económica crea o baseamento dun medio enteiramente novo de potenciar a acumulación, entón o período do capital monopolista-financeiro non parecera merecer semellante designación. Mais ben, a acumulación do capital permaneceu estancada no centro do sistema, en tanto facíase progresivamente dependente das finanzas especulativas para manter o escaso crecemento existente. O que podemos estar presenciando na *fase* presente é o enfraquecemento da produción capitalista no centro do capitalismo avanzado coma resultado dun proceso de maduración do proceso de acumulación nesas sociedades: de aí, a trampa estancamento-*financiarización*. Porén, neste contexto e de maneira paradoxal, a *financiarización* axudou a promover a riqueza e o poder, creando unha realidade complexa, contraditoria, na *fase* do capital monopolista-financeiro. Pouca dúbida pode existir de que se trata dunha situación inestábel, e de que a acumulación de capital no centro do sistema está, de moi diferentes maneiras, a se atopar cos seus límites históricos.

As cuestións máis complexas a que nos enfrontamos hoxe, en relación co funcionamento económico do sistema, son as máis globais. Cómo está relacionado o capitalismo monopolista-financeiro co imperialismo, coa globalización, e coa *financiarización* da periferia da economía capitalista mundial?. Isto abrangue a cuestión do significado do ascenso das economías capitalistas en Asia, nomeadamente a China e a India, mais tamén no sur e no leste asiático. Non existe ningunha dúbida a respecto de que o estancamento e a *financiarización* no centro da economía capitalista mundial están estruturalmente relacionados ás novas aperturas para a industrialización extravertida, impulsada polas exportacións, da periferia de baixos salarios. Ao mesmo tempo, o conxunto da era de *financiarización* neoliberal estivo enlazada á crise de endebedamento do terceiro mundo e aos intentos de crear unha nova “arquitectura financeira” nas economías subdesenvolvidas, levando a novas dependencias financeiras. Mesmo a China e a India, malia ao seu avance económico xigantesco, non foron capaces de rachar cos sistemas imperiais do mercado de divisas e do control financeiro, o que, a miúdo, os deixa respondendo pasivamente a iniciativas determinadas principal-

mente dentro da “tríada” formada polos EEUU, Europa e Xapón. As economías emerxentes son agora acredores masivos de dólares; con todo, a economía dos EEUU permanece fóra do seu control e continúa ditando as condicións, reforzando a súa confianza nas exportacións exteriores, conxuntamente coas saídas externas (refuxios seguros) para o excedente resultante. A *financiarización*, cos seus problemas concomitantes, tamén está medrando a présa na Asia. Como publicou o *Wall Street Journal*, o Banco Mundial incrementou recentemente a súa inqueda respecto das burbullas de prezos dos activos formadas en Asia, particularmente “no sector inmobiliario na China, Hong Kong, Singapur e Vietnam²¹”.

Segundo Samir Amin, a forza dominante da globalización *financiarizada* de hoxe é o “capitalismo dos oligopolios” imperialistas, dos que os oligopolios financeiros constitúen agora o cumio, a xefatura, apoiados polo poder dos estados da tríada e as chamadas organizacións económicas internacionais que serven principalmente aos seus intereses (como, por exemplo, o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional). Este sistema pode permitir certo grao de industrialización na periferia, mais continúa a manter ás rendas do poder a través do monopolio dos mercados de divisas, das finanzas, da tecnoloxía, das comunicacións, dos recursos estratéxicos naturais, e do poder militar²².

O empeorar das crises financeiras e o enlenteecer nas economías capitalistas avanzadas mostra canto de artritismo vén padecer o sistema global. A realidade é que a hexemonía dos EEUU, o eixo xeopolítico do imperio do capital monopolista-financeiro, está en crise. A hexemonía do dólar, ao redor da cal está organizada a totalidade da economía mundial, foi cuestionada por vez primeira por mor da vasta exportación de dólares ao estranxeiro nos tempos da Guerra do Vietnam, provocando a fin da conversión do dólar en ouro por Nixon. Agora o dólar dá a aparencia de estar a retomar o seu declive secular, o que, nalgún punto, podería conducir a un cataclismo global²³.

Por suposto, a onde nos leva todo isto resulta historicamente difícil de dicir, posto que as tendencias á crise económica do capitalismo non poden separarse das transformacións máis importantes sociais e ecolóxicas que operan nunha escala global. O teórico do sistema mundial, Immanuel Wallerstein, sostén a opinión de que actualmente estamos nunha fase transitoria entre o sistema capitalista actual e

21 “Temor dunha nova burbulla a medida ca liquidez entra a raudais”, *Wall Street Journal*, 4 de novembro de 2009.

22 Samir Amin, “Aproveitade da Crise!”, *Monthly Review* 61, nº 7 (nadal 2009):1-16, e *O Capitalismo na Idade da Globalización* (Londres: Zed Books, 1997), 4-5.

23 Ver “Ganadores e Perdedores a medida que o dólar cae”, *New York Times*, 6 de nadal de 2009.

As cuestións máis complexas ... son as máis xerais. ¿Cómo está relacionado o capitalismo monopolista-financeiro co imperialismo, coa globalización, e coa *financiarización* da periferia da economía capitalista mundial?

outra cousa²⁴. De facto, a crise ecolóxica planetaria suxire que a civilización capitalista pode estar xerando unha crise terminal da era antropocéntrica na historia terráquea, o que inevitabelmente podería significar non só a eliminación do capitalismo senón , de non mudar o rumbo, da civilización coma un todo²⁵.

Na nova era especulativa, todo o que é sólido derrétese no aire. Nestes tempos difíciles e perigosos non existe ningunha alternativa ao deseño de estratexias socialistas dun desenvolvemento humano sostíbel, sobre as que todas as nosas esperanzas, en cada nivel, deben agora repousar.



24 Immanuel Wallerstein, *O Declinar do Poder Americano* (New York: New Press, 2003), 249-72, e "A Crise do Sistema Capitalista" (12 de Novembro de 2009), MRzine, <http://www.mrzine.org>.

25 John Bellamy Foster, "Por qué unha Revolución Ecolóxica?" *Monthly Review* 61, nº 8 (xaneiro 2010) 1-18.